

VALES VILLAMARÍN

Lembranza no
centenario do
seu nacemento

7-V-1891 / 1991



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Arquivo Municipal

VALES VILLAMARÍN

Lembranza no centenario do seu nacemento
7-V-1891 / 1991

ALFREDO ERIAS

Colaboradores:

Francisco Vales-Villamarín Vía
Domingo Vales Vía
María Luisa Couceiro Seoane
Adolfo Sánchez Castro
Xulio Cuns Lousa
Xesús Torres Regueiro
José M^a Veiga Ferreira
M^a del Pilar Vázquez Ares
José Luis Casal Castro
Francisco López Fernández

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS
Arquivo Municipal

Inauguración da "Sala Cronista Vales
Villamarín" no Arquivo de Betanzos

O cumprirte o centenario do nacemento dun
betanceiro tan ilustre como Vales Villamarín, que
tantos esforzos adicou ó estudo e coñecemento
da nosa Cidade, sinto unha alegria per adicarlle
unha sala á exposición dos seus traballos, libros,
recorridos e vivencias, que permitirán aproximarnos
mellor á realidade da nosa Cidade.

Igualmente querolle agradecer os seus familiares
o seu desprendemento nas cedulas que fixeron ó
Concello e que, permiten, o que este sala, sexa
unha feliz realide. Cordialmente

Manuel Lagares Pérez
Alcalde de Betanzos



Elias
17-VI-1981

VALES VILLAMARÍN

Lembranza no centenario do seu nacemento

7-V-1891 / 1991

ALFREDO ERIAS

Francisco Antonio Vales Villamarín naceu en Betanzos o 7 de maio de 1891, na casa nº 6 da Rúa de Roldán, no que era o extremo oriental do pazo dos Condes de Taboada. Esta vivenda conserva unha placa conmemorativa, colocada polo Concello no 1981 con motivo do seu 90 cumpreanos, que di así: "AQUÍ NASCEU O ILUSTRE MESTRE E HISTORIADOR FRANCISCO VALES VILLAMARÍN".

Bautizouse na igrexa parroquial de Santiago e cando tiña tres meses quedou orfo de nai.

Pronto deu mostras do seu interés polos estudos; tanto é así que o seu mestre, Don Ezequiel Suárez Blanco, nomeouno o seu axudante para os últimos cursos na Escola de San Francisco de Betanzos.

Deste tempo datan os seus primeiros traballos periodísticos, redactando á man un periódico dun só exemplar que rotaba entre os compañeiros de curso. Lamentábase, moitos anos despois, de non conservar ningún daqueles exemplares de tantas horas de traballo. Chegou a "editar" catro números.

O seu afán coleccionista tamén se despertou desde moi cedo e impulsouno a solicitar catálogos de mostras, folletos e todo canto se anunciaba nas revistas e periódicos da época. Iso permitiulle gardar e colecciónar selos, almanaques, anuncios, direccións e tantas cousas más que foron o primeiro camiño para as posteriores coleccións de filatelia, minerais, plantas, moedas, etc. na escola que re-

Á dereita, dúas imaxes de Vales, que o representan de neno e rapazote. →



Destellos Juveniles

SEMANARIO SATÍRICO

Cantamos siempre así:
Nuestra R estrella aquí.

NUESTRA MARCHA

Por fin p' amado lector, dejá de existir en esta, nuestra dedicación semanario, el que pasa á la urna del perlismo brigantino para ser en este enterrado (á no ser que otro morí en levante). Preguntar algunos, ¿por qué m'erez? y nosotros les respondemos: Muere, pero muy contento, por que nosotros al fin reinamos y sustituvimos esta publicación mucha más tiempo que otros, que al primer número que dieron á luz tuvieron que matar, loy sab'los los dij'astillos que les costó.

Nuestras marchas grandiosas y á la par también bonita. Cualquiera que se opinga. Nunca su fama le quita.

Pero en cambio otros en cosa vana. Tocaron el cornetín. Tan solo una semana.

Pois che digo amigo. Manuel que non e por falta de carios nin po'lo pouco que ganemos, que ainda come din al, chego

para dous macilios, ó deixalo e por ocupaciós que tenis, llevamos seis semanas con ésta non tuvimos ó menor desgusto, gracias á Dios.

Ahora les este acróstico y mi entenderás:

U N S E P A R E C E M O N I A L E S
U N P U C O T I E M P O
U N G U I T O E L N U E S T R O
U N D O S P A D R I O N
U N B U R B A N D I N O Y E L C O R N A T I N
U N S M A R I F I N O Y E L E S C O B Ó N
U N R I B E R A S D E L M E D O
U N C E N S O R Y E L C H A P A R R Ó N
U N C U R L E R E N E C O N C Á N T O N
U N D O S C O S T O S
U N A N M A C I Ó N D E P O T O S
U N A N S E P E C C A T I O N
U N A N T E M O N I A M Á S Q U E E X P L I C A R
U N A N M O V I L M E Q U E D O
U N D I P O D E P E R D I Ó N
S E N E S T A S C O L U M N A S
S E D E S P Ó D E A U T E S D E S

LA REDACCION

CON Z...

LOS DESTELLOS JUVENILES

Destello Juvenil

empezar esta tarea periodística, nos congratulábamos con ella, pero hoy nos embarga el dolor al tener que dejarla por tener que atender á ocupaciones quisas, y la verdad, nos hace de ser le más provecho.

Lo único que nos alegra es que nuestro semanario fue útil á la sociedad juvenil de Belanzos, puesto que con su lectura pasaron buenos ó malos ratos.

Fué defensor de la moralidad, la belleza y en el publicamos 45 telegramas, abogó por 40 nñas preciosas de esta localidad encumbrando su belleza, en fin, que los domingos, deba buenos ratos á todas; y por último me despidí dedicándoles estos versos ó estribillo:

¡Oh! jóvenes amables, que grande verdad encierra aquello que dice que nadie en su tierra fué profeta.

El 24 de Septiembre del presente año tiramos un periódico johí, dos ciudadanos.

«Destellos Juveniles» así se titulaba nuestro semanario y... viva la alcazara.

Yo conocí a alguno que en tiempos viejos tocaba el corpositín (un dia) con muchos enojos.

Pero fracasó el dicho periódico era los que lo tocaban unos siete ó ocho.

¡Ay excólegas nuestros! bueno bueno bueno basta...

Nuestra misión se fue que lo sientas ¡yo doctor! Indiana que era una visita y de todas la mejor.

Lo motivan las percances que en nuestra idea tenemos todo causan los posibles que en libertad los vemos.

Po' la nostra otra vez lector meu amigo compremos os «Destellos» que ya nos' repito.

Roxeles

Telegrafía sin Hilos

SERVICIO A DOMICILIO Y ESPECIAL DE
«DESTELLOS JUVENILES»

Ay síntomas de lance matrimonial en «Peira», la graciada cuenta 76 años el enamorado 70 para más informes dirigirse á calle Jacometros número 1486.

Ceres

Al pasar Director semanario, vio caer á niña en fuent'e algodón de mulata, pero pilón estubo vacío internándose en el mismo, iqué vergüenza!

Catinera

Redacción en cuatro fondo observó que pollas se entretenían en calle obscura á insultar po-

Destellos Juveniles

Ioz llevaron á la fosa quedaron allí zapatillas.

Y se acuerda las cosas. Poco mu chenta que dentro estaba no conveniente con esto y dijo:

—Voy a levantar á alguien po' la tapa de la fosa.

Pero el director que estaba

de muy lejos de este cementerio

dijo: si al otro lado de este cementerio

está el cuerno...

El director al oír esto

recorrió con mucho fuerza

a la vez echando largos

y estrechando los cuernos.

Puez desparcio DESTELLOS

en compañía de este cuento

en Belanzos no resulta

pues quo no rozuen el cuerno.

Tilin... Tilin... Tilin...

—¿Qué llama?

—Yo, mama.

—¿Qué quieres?

Puez que no hay DESTELLOS

y no nos más el cuerno

y sacabaron las cojas

y todo lo fue su cuento.

Retreten

Banco Betancero de Crédito

Valientes peruchonas, por querer poner cuartos en banco en calle Plaza, recibieron tremedos escobazos por parte baqueira, y luego una de las peruchonas casi cae en licor, suelta por perro manchando mangas.

Por querer ser ambiciosas De poner cuartos en banco El banquero y la banquera Les entregaron un tranco.

Valientes niñas fueron la otra noche

al Banco Nacional a robarse miles de brochas que tienen de capital.

Juanito el grande también el pequeño la señora Juanita y también un perro.

Al día siguiente empezó la tarta pero la Juanita

estaba en la puerta y cogió una zueca de las que tiene ella y toma... diciendo para quo no vuelbas.

No esto solo fue lo que hizo ella cogió á todas por la delanteras las tiró al suelo como á la zueca y ellas gritaban ay... por la Magdalena.

La grasoñina que todas se cayeron en charcos de orines que ellas vertieran y gritando iban por la Plaza arriba dando fuertes voces que todos oian.

Hacia el atrio se dirigian yo y mis compañeros fuimos aquel sitio á ver lo que hacian.

Selos

HASTA LA OTRA

Teniamos una grata idea al

Destellos Juveniles

bre Cesas... sintiendo el tiro por la culata.

Augustiniano/oll

Pobreccito... así decían niños en «Beveiranda» esperando taranza clínicas, pero el vecino da arriba no está contento, tiró un orinato de escoria fresca... y que pajitos.

Tokio

Jugando la partida de billar en calle «Pilatos» se entreñan 16 jóvenes del sexo feo soltando indecorosas palabras del apartado suspiratorio, supicámos «Anton ó grande» concurra á mitos retirados.

Ollura

Quien tiene pulgas...

He visto yo á una jamona

En la Rosaleda con una pulga en un bozo. Y un pliegue en una pierna. Una compañera sua que la rió su aquél instante le preguntó: le chapullo. Porque no le rebaja el guante.

Y la jamona contesta: Que no tiene dos reales. Ya sabrá usted doña Lola que soy de la sociedad Protectora de animales. Yo la meto en un bacin. Y la baño con agua fría. Y me jan dos reales. Salpicados con petate. De gato, de cordón de gallo. Y también de ruisenor. Quien tenga pulgas las mate. Como había el perro anterior.

Rimnallari

Á UNA INGRATA

Por no casarte con mi permítala Dios tengas sarna. Y no tengas otras manos. Que las mis pa caserío.

Imp. Sucesores de Castañeda

«Destellos Juveniles»

PERIÓDICO SEMANAL DE ESTA LOCALIDAD

NÚMERO SUELTO 5 CTS.

Anuncios comunicados y reclamos á precios convencionales.




Escena cómica, na que uns periodistas (Vales sentado á esquerda e Manuel Villuendas á dereita) anotan as incidencias dun dó. Poidera ser ésta a redacción de "Destellos Juveniles".

xentaría anos despois.

Ós catorce anos, en 1905, crea e dirixe o "semanario satírico" *Destellos Juveniles* do que se conservan ata o nº 6, inclusive. Vales mesmo desíneo así, cando escribe del no seu traballo "Papeletas para una proyectada Enciclopedia Brigantina" en *La Coruña, paraíso del Turismo*, 1978: "... Satírica, siguiendo, en gran parte, la línea de «El Chaparrón» [1901], «Un Suspiro de El Chaparrón» [1901], «La Cantárida» [1901], «La Mariposa» [1901], «Doña Prudencia» [1901] y «El Bombardino» [1903], gacetas locales hace tiempo desaparecidas, de carácter festivo todas ellas".

Destellos Juveniles imprimíase na "Imprenta Sucesores de Castañeira", tiña un formato de 21x16 cm. e constaba de 4 páxinas a dúas columnas e a portada ía en papel de cor, co título e un cupón de beleza, relativo ás mozas betanceiras,

← Derradeiro número de "Destellos Juveniles"



Autorretrato, recortado en silueta sobre papel negro: 12-XI-1908.

que debían remitir os lectores. Aquí aparecen os seus primeiros pseudónimos, *Rimmallavi* e *Selav* (sílabas dos apelidos ó revés).



Esta imaxe, case perdida, móstranos unha escena de merenda campestre, probablemente nos Caneiros. Entre as persoas que vemos, está Vales (segundo pola dereita) coa súa bandurria e outros músicos máis, integrantes seguramente da "Lira Brigantina". A fotografía ten escrito:

"Recuerdo de Rogelio Suárez, 16-9-09".

Don Juan Ponte y Blanco, que dedica a Vales o seu "monólogo dramático" en verso, *Delirio y Remordimiento*, foi o seu profesor de música, chegando éste a tocar o violonchelo e, con mellor fortuna, a guitarra e a bandurria. Ésta aínda se conserva e tocábaa na "Lira Brigantina", á que pertenceu, arredor de 1909-11.

Sobre estas andanzas musicais de Vales resulta ilustrativo este hiperbólico poema seu de *La Aspiración* do 9-VII-1911:

"Sublime muerte":

A mis entrañables compañeros de estudio en el Arte divino de Euterpe,
Eduardo López, Agustín Ponte y
Manuel Lousa.

*¿Qué música tan grata perciben mis oídos?
¿Qué célicos sonidos escucho por doquier?
¿A donde arrebatado vuela mi pensamiento?*

¿Qué un dívago concuento me invita á enloquecer?...

*Yo estoy enamorado,
yo me hallo embebido,
absorto y sorprendido
ante tal magnitud.*

*Mi ardiente fantasía
cual ignívoma boca,
despide febril, loca,
ya abulia, ya virtud.*

*Revuélvese frenético
espíritu en mi mente,
eléctrica corriente
me invade el corazón.*

*Críspanse los nervios,
el cuerpo se me hiela,
la sangre se congela...
¡Que dulce consunción!*

*Los goces me enagenan,
la dicha me tritura,
la gloria y la ventura
aniquilán mi ser.*

*Elévanme a regiones
pletóricas de ensueños,*



Fotografía da "Lira Brigantina" no Antroido de 1910 cos seus membros disfrazados no patio do claustro do antigo mosteiro de Santo Domingo de Betanzos. Sabemos por "La Aspiración" do 19-XII-1909 que o seu director era daquela D. Andrés Naveira Carballo e o seu presidente, D. César Sánchez Díaz, pero éste sería sustituido no cargo polo seu irmán, D. Adolfo, o 20-I-1910, tal como nos refire "La Aspiración" do 23-I-1910. O mesmo periódico, o 20-II-1910 fálanos dunha viaxe da "Lira" a Sada, dentro do Antroido, coa mesma carroza e traxes que levaran en Betanzos "rondallistas, pajés y heraldos" (os que vemos). Vales aparece o 5º pola esquerda e siguelle José Ramos. Sentado no medio está o presidente, D. Adolfo Sánchez Díaz. O nenó que está a carón del, de escuro, pode ser Raimundo Bugallo. De dereita a esquerda vemos a: Benito Muíño (3º), Federico Ares (4º), Manolo Tenreiro (6º), ...

No Betanzos da época a "Lira Brigantina", era, aparte dunha agrupación artística e demás, algo así como o órgano musical dos liberais, liderados polos Sánchez. Non nos extrañará pois que, logo das eleccións para a renovación da metade dos Concellos, do domingo 12-XII-1909, o día 16, ás 8 da noite, saíran os rondallistas do seu domicilio social da rúa da Pescadería e fixeran o seguinte: "... al compás de un bonito pasodoble se dirigieron á la Rúa Traviesa, deteniéndose frente [a] la casa de su entusiasta presidente D. César Sánchez Díaz, y después de tocar dos escogidos números, siguieron hasta el Cantón Grande, parándose frente al Círculo Dinástico, en cuyos salones hallábanse, a más de numerosos y caracterizados socios, con él presidente y jefe D. Agustín García, la mayor parte de los concejales electos, que de común acuerdo habían determinado recibir allí todos reunidos el artístico homenaje ...".

deleitosos beleños
que me hacen senecer.

Dirán que estoy abúlico,
que es esto vil insanía
o estípida vesania...
iRidículo zaherir!
¿Habrá mayor encanto,
más desfica grandeza,
más suprema belleza
que, de placer, morir?...

Silvano de Leonisa, Betanzos, 28 6-911.

Por estes anos forma tamén parte en Betanzos, xunto cuns amigos (Don Manuel Tenreiro Otero entre eles), dunha agrupación teatral.

Pero, ó mesmo tempo, da clases particulares e traballa no Concello e en establecementos comerciais, para axudar á familia. Precisamente lembro as súas verbas pesarosas ó referirme que o día 6 de outubro de 1907, por ter que traballar na "Casa Núñez", non puido presenciar o gran mitin de "Solidaridad Gallega", ce-



20-VI-1909. Este era o aspecto da Praza do Campo cando Vales Villamarín tiña 18 anos. O que vemos é unha gran cantidade de xente da bisbarra que fa ó "meeting" que os liberais de D. Agustín García Sánchez celebraban no solar do antigo mosteiro de San Francisco.

Fotografía de José R. Seco, da Coruña.

lebrado no Palco da Música da Praza do Campo e no que falaran: Juan Golpe, Lugrís Freire, Odón de Buén, Senante, Vázquez de Mella e Salmerón. Moitos anos máis tarde referíndose a estes feitos no traballo citado de *La Coruña, paraíso del turismo*, 1978, dicía: "El autor de estas Papeletas, siendo un joven imberbe, recuerda con verdadera emoción haber paseado en el Cantón Grande, la víspera del mitin y a la caída de la tarde, con don Nicolás [Salmerón] y Vázquez de Mella, escuchando entusiasmado la muy interesante conversación que ambos esclarecidos patricios sostenían".


Certo é que por aqueles tempos as súas amistades persoais estaban cerca dos liberais (de *La Aspiración*), que se opoñían a "Solidaridad Gallega" e ó periódico local que a defendía, *La Defensa*, e iso tamén pode explicar aquela ausencia.

O semanario local *La Aspiración* (1904-1912), defíñese como "Periódico

Independiente", pero Vales dirá ó respecto (artigo citado de 1978) : "carácter, por cierto, que no ha tenido nunca. Nos consta. Este informativo estuvo en todo momento al servicio del partido liberal brigantino ..." Chama un pouco a atención o tono que parece deixar traslucir nas súas verbas, porque el mesmo foi un dos redactores dese periódico.

Como colaborador de *La Aspiración*, atopamos a Vales en xullo de 1907, dentro dunha sección menor de "Pasatiempos" e agachado detrás do pseudónimo **El caballero Artagnán**.

Máis tarde, en febreiro de 1910, vémoslo xa cun papel de maior importancia, ocupando a sección poética "Caricias", que aparece case tódolos números desde o 6-II ó 11-XII-1910, se ben seguirá logo con composicións illadas ata o 25-II-1912, pouco antes de desaparecer o periódico, o 23-V dese ano. Mesmo figura como "Director de *La Aspiración*" (¿?) ó asinar en *Almería Jocosa* un poema



"Meeting" liberal celebrado no solar do antigo mosteiro de S. Francisco o 20-VI-1909. Dixo "La Voz de Galicia": "Desde las primeras horas de la mañana, no obstante el calor tórrido que se sentía, y la celebración de ferias en lugares inmediatos, comenzaron á afluir por las diversas carreteras, grupos de labradores ... A las tres y media se reunieron todos en la Plaza, y unidos en imponente manifestación, se dirigieron á la Plazuela de San Francisco". Falaron: D. César Sánchez Díaz, D. Juan Ponte y Blanco (director de "La Aspiración"), D. Juan Sanmartín, D. Fermín Couceiro, D. Jaime Casanova, D. Manuel Castro Ares e D. Agustín García Sánchez. Abaixo, en 1º plano e de esquerda a dereita: Fermín Couceiro Núñez, ?, D. Manuel Castro Ares, D. Fermín Couceiro Serrano, ?, éo esposo de Dª Dolores Folla? (detrás del, de perfil, D. Fabián Costas ó lado, quizais, de dous Concheiros, con bigote). No plano do fondo, metade esquerda, con sombreiro revirado, D. Manuel Villuendas; diante del, con bigote e barba blanca, D. César Sánchez San Martín e diante deste, con barba e ollos claros, D. Agustín García Sánchez. No mesmo plano, cara á dereita: D. César Sánchez Díaz (detrás del e diante de Villuendas, D. Valerio Núñez López), D. Juan Ponte y Blanco (cego, pelo blanco e bigote escuro).



“Lira Brigantina,”

Esta sociedad celebró junta general en las primeras horas de la noche del jueves último con objeto de proceder á la lectura del Reglamento porque ha de regirse la colectividad, y el que vino aprobado por el Gobernador de la provincia, y para nombrar una Junta directiva, porque la que había era de carácter provisional en tanto no se legalizaba su vida social.

Por gran mayoría fueron elegidos los señores siguientes:

Presidente, D. Adolfo Sánchez Díaz.
Vice Presidente, D. Mariano Ferreira.
Secretario, D. David González.
Vice, D. Manuel Tenreiro, y
Tesorero, D. José Bugallo.

El Sr. Sánchez Díaz puso algunos reparos para aceptar el cargo, fundados únicamente en una gran modestia, pero por aclamación unánime se le obligó a ocupar la presidencia en unión de los demás socios elegidos para la directiva, desde la que pronunció un breve y elocuente discurso agradeciendo la honrosa designación y exteriorizando sus entusiasmos y plausibles afanes por la prosperidad y florecimiento artístico de la sociedad.

También habló el señor Ferreira, el señor Vales y el Director de este semanario para felicitar efusivamente á la directiva cuyos individuos son una halagüeña garantía para la mejor marcha de la colectividad.

Por unanimidad se acordó nombrar Presidente honorario al culto abogado D. César Sánchez Díaz, que tan buenos e inteligentes servicios viene prestando á la «Lira» y se acordó que una comisión del seno de la sociedad pase á su casa para ofrecerle un homenaje de consideración y el nombramiento de Presidente honorario.

También se habló algo de la comparsa que se está organizando para salir por Betanzos en los próximos carnavales, quedando aplazado el asunto para ultimar todos sus detalles para hoy domingo que volverá a reunirse la general á las tres de la tarde.

Noticia de "La Aspiración" (23-I-1910) sobre a xunta xeral da sociedade "Lira Brigantina", na que se elixiu nova Xunta Directiva. Vales foi un dos que falou no acto.



Vales Villamarín en ostentosa demostración de liberal (o periódico é do venres, 7-I-1910). Por detrás: "A mi adorada y queridísima Rosa, en prueba de reconocimiento y amistad infinita; Paco; Betanzos, 2-Junio 1911".

("Mal de muchas") do VI-1911. Utilizará o pseudónimo Silvano de Leonisa.

Neste semanario seguía Vales a liña de *Destellos Juveniles*, buscando o sorriso do lector. Pero atopamos tamén de vez en cando algún belisco político acorde coa ideoloxía do periódico, isto é, cos liberais liderados polos Sánchez da rama dos Espiñeira: Don Agustín García Sánchez, xefe máximo, Don César Sánchez San Martín e os fillos deste, D. César, D. Francisco e D. Adolfo Sánchez Díaz, ...

É o caso do seu derradeiro poema publicado en *La Aspiración*, o 25-II-1912, onde deixa mal parado a un suposto (ou aparentemente real) "concejal debutante, que lleva la representación de las sociedades campesinas" (entendemos afín a "Solidaridade Gallega"):



Fotografía de grupo realizada no Asilo García Irmáns o 10-XI-1912, día da súa inauguración. Vales Villamarín, á dereita cun piñollo na man, era por ese tempo colaborador do periódico liberal de Betanzos, afín á Familia Sánchez, "Nueva Era", herdeiro de "La Aspiración". Homes, de esquerda a dereita por arriba: D. Manuel Villuendas (impresor), D. Adolfo Sánchez Díaz, D. Rogelio Borondo (director do "Banco de La Coruña"), D. Agustín Ponte (fillo de D. Juan Ponte y Blanco), ?, D. Claudio Pita Pandelo (recreador do "Globo", empresario do Alfonsetti, ...), ?, éun irmá da muller de D. César Sánchez San Martín? e, á dereita de todo, D. Francisco Vales Villamarín. Sentados, de esquerda a dereita, D. Federico Ares Castro e D. Rogelio Borondo Sánchez. Mulleres, de esquerda a dereita: D^a Mercedes (detrás) e D^a Dolores López Díaz, D^a Carmen Martínez Sánchez ("Mimi"), D^a América Castro Aguiar, D^a Purificación López Díaz, D^a María Díaz Regueira (con ramillete), D^a María Borondo Sánchez (con bolso diante, muller de D. Manuel Villuendas), D^a María Martínez Doval (detrás arriba, 1^a muller de D. Adolfo Sánchez), D^a Mercedes Naveira (diante cerca de Vales, 1^a muller de D. José Veiga Roel) e D^a María Naveira (detrás cerca de Vales, casada cun Hermida de Santiago).

AL SON DE MI VIHUELA

¿Me entiendes?

La medalla concejal

Un concejal que reclama a voces el distintivo. - Escena curiosa.

Ocurrió en el Ayuntamiento de Lugo un suceso curioso de que da cuenta la prensa de aquella ciudad.

Un concejal debutante, que lleva la representación de las sociedades campesinas, no bien el alcalde pronunció las sacramentales palabras «se levanta la sesión», se dirigió como una flecha á la mesa presidencial reclamando con voces exténtóreas la medalla de concejal y añadiendo que precisaba la medalla para andar por la calle, á fin de que le saludaran los guardias municipales y para poder entrar sin billete de andén en la estación de ferrocarril.

-Sin insinias non puedo ir a ningures; naide me respeta. E gracias a Dios, por fin son concexal.

(De un diario herculino)


Al valiente concejal que, con perfecto derecho quiere ostentar en su pecho la insignia de concejal.

iOh! edil noble y elegante, municipio distinguido, que lo que te pertenece no te abstienes de pedir, sin doblez, ingenuamente, yo diríate al oído un amistoso consejo, si me quisieras oír.

Cuando intentes pasearte por las calles de la villa con afán de lucir, grave, tu alta condecoración, procura, de la chaqueta, colgar una campanilla y acudirán, a tu paso, las gentes en procesión.

Rendirán pleitesía todas las clases sociales; dos mil lujosos heraldos tu gloria proclamarán, y daránte regia escolta cien guardias municipales, los que la diestra, donosos, en el chacó llevarán.

En majestuosa carroza cruzarás las vastas plazas, una vez solo, sonriente y enfático, más de cien; á tus pies posternaránse, del orbe, todas las razas



Comida de irmandade entre as cidades de Ferrol e Betanzos o 5 de maio de 1913, con motivo da inauguración do Ferrocarril Betanzos-Ferrol. Celebrouse en Ferrol e de Betanzos foi moita xente, as autoridades más relevantes (co Alcalde D. César Sánchez Díaz á cabeza) e a Banda Municipal de Música. Di "Nueva Era" do 6-V-1913: "... Durante ese acto nuestra música municipal ejecutó con feliz acierto escogidas partituras y entre ellas el inspirado pasodoble, que el inteligente director D. Antonio Segura compuso para este día, con el título de «Viva Ferrol» y del que ofreció una artística copia al Alcalde ferrolano ..."

y tendrás entrada libre, del mundo en cualquier andén.

En fin, serás aclamado, bendecido, vitoreado, aplaudido y ensalzado por toda la Humanidad; y cuando este lacrimoso valle hayas abandonado, pasará tu ínclito y magno nombre á la inmortalidad.

Sigue pues, gallardo prócer, mi grande y sabio consejo y podrás ver satisfecho, cuanto te predigo yo. Y si alguna vez te betan tus compadres de Concejo, á cada uno un par de tiros pégale y... ¡san se acabó!...

Silvano de Leonisa, Betanzos, Enero de 1912
(De *Ferrol Libre*)

Ó desaparecer *La Aspiración*, o sustituto será *Nueva Era*, así ós mesmos intereses políticos e á mesma familia. Estaba ademais dirixido polo mesmo director: Don Juan Ponte y Blanco. Así é que Vales seguiu aquí coa súa sección "Caricias" e co mesmo pseudónimo desde o 4-VIII ó 8-IX-1912. Pero como neste ano xa se fora para Santiago a estudiar Maxisterio, inicia tamén a sección "Silvano en Compostela: Películas cortas", que

só aparece o 10 e o 17 de novembro.

Aparte destas seccións escribe no mesmo periódico, como fixera antes en *La Aspiración*, poemas soltos. Un deles, aparcido o 30-III-1913, titúlase "Del Dolor", e presenta a particularidade de estar asinado co seu nome real, "F. Vales Villamarín" e co pé: "De «Gaceta de Galicia» de Santiago". Pero aínda veremos en *Nueva Era* unha derradeira composición: "¡Pasó!...", o 6-V-1913.

A víspera, luns 5, pasara pola Estación Betanzos-Pueblo a Infanta Dona Isabel de Borbón con destino a Ferrol, debido á inauguración do tan esperado Ferrocarril Betanzos-Ferrol ese mesmo día, e para asistir, ademais, á botadura do segundo acorazado de gran tonelaxe: o "Alfonso XIII". Voltaría o venres 9 cara a Madrid.

Vales escribe en galego, quizais para



Vales Villamarín, en primeiro plano (arredor de 1913), diante dun dos leóns (hoxe en Covadonga) que flanqueaban a entrada do Pasatempo

facer máis forte o contraste entre o atraso en que se estaba e o gran "Progreso" que representaba o Ferrocarril:

iPASO!

Ó meu antigo preceptor, don Ezequiel Suárez Blanco, afectuosamente.

*iPaso xa, pas'o sino do Progreso
pas'o enxendo da cecea luminosa,
pas'o mostro de ferro de mil dentes,
pas'a ixent'e velós locomotora! ...
iPas'o negro titán, o Rey do mundo,
o Siñor d'esplendent'executore,
pas'o fruto do xenio subrimado,
o xigante de forz'arrolladora! ...
iPaso, paso! ... Deixade que, por veigas,
por prados, e por soutos, e por chousas
entre pinos d'edénica fragancea;
antr'anosos carballos e antre frondas;
antre leiras cubertas de pan áureo,
regatos marmulantes e congostras;
antre roxos cabazos de ben cheos;
antre vivendas dóces, garimosas,
antre ermitas humildes, solitarias,
e cruceiros bicados por devotas;
antre pródegos pazos,*

*e muiños, e frores olorosas,
e paxaros e nenas feiticeiras,
con libertade corra ...
Que corra, sí, sin resollar anaco,
cal rayo nun-ha noite tormentosa ...
iiEscoitad'escoitade!! ...
Lanza berros de gloria;
son celtas aturuxos
e, de ducias de gaitas, ledas notas ...
Paresce que van dentro do seu corpo
as romaría todas dá redonda ...*

Con esta composición Vales non fai máis que seguir outras súas nas que dalgún xeito é notario dos grandes cambios que estaban a suceder en todas partes, sobre todo nas vilas e cidades, debido a tantos avances: ferrocarril, alumbrado eléctrico, automóbiles, cinematógrafo, fotografía, etc.

Deste xeito, atopámoslle títulos como, "Astro-manía.- El Halley" ou "Automobilística", que son auténticos documentos da vida daquela época, cribados pola súa ironía e bo humor.

ASTRO-MANÍA.- EL HALLEY

*ii/Tin, tilín, tin, tilín, tin!!! ...
Señores: Se nos acerca,
á pasos agigantados
ese terrible cometa.
Tan sólo tres días faltan
para que el planeta Tierra,
sucumba bajo las garras
de tan fatídica estrella.
¡Tres días! ¡Tres! Nada más;
con que arreglen la maleta,
y dispónganse á morir
como lo ordena la Iglesia.
Pero antes voy á decirles
algo que les interesa;
sí, señores, una cosa
que me parece muy buena
y creo, también, que á ustedes
les agradará de veras:
los que tengan capital
y deshacerse de él sientan,
pueden morir muy tranquilos,
excusan de tener pena;
déjenmelo a mí y verán
como, cuando estén de vuelta, (?)
íntegro lo entregaré,
sin percibir ni una perra
por tan grande comisión.
Mas ya estoy oyendo á ciertas
personas decir así:
"¿Cómo es posible que pueda
salvarse el Sr. Leonisa?"
—Pues muy fácilmente. Sepan
que don Silvano es inmune;
y todo el astro que tenga
la avilantez de tocarle,
puede contar con que lleva
dolor para catorce años
en las propias posaderas.
De modo que ya lo saben;
ayúdense hoy mismo de esta
ganga tan fenomenal,
mañana quizás no quiera.
Con que adiós: mueran en paz
iHasta el Valle de Josefa ...*

Silvano de Leonisa
La Aspiración, 15-V-1910.

Simpático e curioso é o poema "Automovilística", escrito nun momento no que debía haber moi poucos automóbiles polas carreteras e rúas brigantinas:

Automovilística

*Me preguntas, caro Teónimo,
en tu misiva del sábado,
si cruzan los automóviles
este rinconcito mágico.
A pregunta tan poética,
y hecha por un ser seráfico,
es muy razonable y lógico
que le dedique unos párrafos,
aunque mi modesta péñola
no escriba allá en lenguaje ático.
Muy bien, perfumado místico,
cual odorífero bálsamo,
te diré que autos de múltiples
formas, y con paso rápido.
cruzan nuestras calles fétidas,
dejándonos, casi, extáticos.
Son, en extremo, bellísimos;
pero, iay!, amigo romántico,
que esos ligeros vehículos,
llenos de furor satánico,
van dejando estela trágica,
al pasar, cual otro bárbaro
Atila; y en su venática
carrera estroporean, impávidos,
toda clase de cuadriúpedos,
bípedos ... y otros espárragos.
Ya lo ves: con esta música,
que infunde pavor al ánimo
más denodado é intrépido,
que se pasee cualquier zángano,
si no quiere quedar fúnebre (!)
debajo de algún neumático.
Y la culpa, amado Teónimo,
de tan dramático escándalo,
la tienen estos municipes,
chachareros diplomáticos.*

Silvano de Leonisa
La Aspiración, 7-VIII-1910

Parece claro que iso das "calles fétidas" é unha crítica ó Concello. Pero, por se quedara dúbida, e como supoño que quen isto lera terá agora un amplio sorriso, recollo (para que non o perda) outra composición, na que, con bo humor e fina ironía, describe o péssimo estado das rúas (polo menos dunha), tanto no que respecta ó pavimento como á suciedad e falta de alumbrado público. É de supoñer que ó Alcalde (D. Calixto Leis Ponte, curiosamente liberal do grupo de



El Director de la Escuela Normal Superior de Maestros de Santiago

Por quanto D. Francisco Vales Villamarín natural de Betanzos provincia de la Coruña ha obtenido por concurso del Premio extraordinario acordado por el Claustro para la mejor Memoria sobre las excursiones escolares hechas en el curso último.

Por tanto para que en todo tiempo pueda acreditar su notable aplicación y especial aprovechamiento, expido á su favor este Diploma.

Santiago 1º de Octubre de 1913.

EL DIRECTOR,

Maria Teixeira

EL SECRETARIO,

Cristiano Ruiz

DIPLOMA DEL PREMIO EXTRAORDINARIO A FAVOR

de D. Francisco Vales Villamarín.

Depositada al folio 14 del libro de premios.

Imp. de El Boe de Santiago

1-X-1913. Diploma do Premio Extraordinario que recibe o estudiante da "Escuela Normal Superior de Maestros de Santiago", Vales, pola mellor memoria sobre excursións escolares.

D. Agustín García Sánchez non lle fixe-se demasiada gracia:

¡QUÉ ALUMBRADO!

*Si la otra noche rompí
las narices en la calle,
conste que tuvo la culpa
Su Señoría el Alcalde.
Y ustedes dirán que no.
Pues vean como no hablo en balde:
Iba yo para mi casa,
y al subir la cuesta grande
de ... (bueno, de donde fuese)
«metí la pata» en un bache,
cayendo con tal fortuna
que no pude levantarme.
Es decir, me levanté
á las dos horas cabales,
y eso porque me ayudó
un señor (Dios se lo pague).
Llevo las manos al rostro,
pues bañado estaba en sangre
y noto que en las narices
tenía heridas muy grandes.
Bueno. Paciencia, me dije,
y, al momento, por los aires,
una lluvia de aguas sucias*

aparece á coronarme.

*Y, en efecto, el chaparrón,
iay!, sobre mí, íntegro, cae.
Y, ahora, digan ustedes
que no culpe yo al Alcalde:
iNi una lámpara, siquiera,
encendida había en la calle,
y de ese modo ¿quién iba
á ver tan tremendo bache? ...*

Silvano de Leonisa
La Aspiración, 6-III-1910.

Hai que dicir que o seu pai, Don Domingo Vales Crespo, que era nicheiro na cidade, despois de enviudar de Dona Luisa Villamarín Suárez, casou en segundas nupcias con Dona Juana Estrada quen depositou en Vales, segundo propias verbas, o mesmo amor que nos seus catro fillos, tidos neste matrimonio.

Foron ela, precisamente, e o seu mestre, D. Ezequiel Suárez Blanco, os que o animaron para que fose a Santiago e fixese os cursos de Maxisterio na "Escuela Normal Superior de Maestros".



Vales Villamarín na súa época de estudiante en Santiago, cando asinaba *Silvano de Leonisa*.

Quedaría exento do servicio militar, debido a unha malformación da columna.

Fiel á promesa que lle fixera ó seu pai, de non ser gravoso para a economía familiar, desenrola en Santiago non só a actividade propia de alumno, senón tamén a de periodista e profesor de alumnos de bacharelato. A costa dun esaxerado gasto de enerxías nas moitas horas de traballo, logra manterse economicamente sen maiores dificultades.

No 1913 obtén o primeiro diploma con "Matrícula de Honor" polo número de calificacións con "Sobresaliente" que tivera no curso anterior. No Libro de Premios da "Escuela Normal" dese ano, no fº 14, recóllese o "Premio Extraordinario" que lle da o Claustro de Profesores pola mellor memoria sobre excursións escolares.

Esta idea atopámola xa en Pestalozzi (1746-1827), quen basou a súa pedagogía, en boa maneira, no Emilio de Rousseau.



Vales Villamarín en Santiago, fotografiado cun compañeiro de estudos.

Precisamente a Pestalozzi dedicará Vales o poema *Lembranza* no 1927 (centenario da súa morte), que máis adiante veremos. En calquer caso, esa memoria non foi un mero exercicio para o alumno Vales, porque, unha vez que teña escola elevará as excursións á categoría de imprescindibles, facendo unha cada semana, previa a elección do mellor exercicio de redacción da clase sobre a mesma.

As notas académicas e premios foron, entre outras cousas, unha maneira de axuda económica para o humilde Vales, posto que lle evitaban pagar tasas. Con isto, coas clases particulares e coas súas intervencións na prensa, foi como sobreviviu na Compostela daqueles anos.

Consolida pouco a pouco a súa personalidade como escritor, particularmente en *La Gaceta de Galicia* a través do seu xa coñecido pseudónimo, *Silvano de Leonisa* ou dun simple V, para asinar pronto



Fotografía que envía Vales ós seus pais desde Santiago, con data 4-X-1912. Contén o seguinte texto: "El inspirado poeta gallego D. Víctor de Silva y Posada (x) rodeado de los redactores de Gaceta de Galicia ..." Vales (con bastón colgando do hombro) é o segundo pola dereita, detrás do crego.



Vales cuns compañeiros en Santiago (1912).



Un rato de charla

Vales falando con José Fontenla (1912).



José Fontenla e Vales Villamarín, segundo unha caricatura de Veiga Roel, aparecida en "Nueva Era" (1-IX-1912).

e definitivamente co nome completo.

Sacou tempo para fundar e dirixi-la revista pedagóxica *El Normalista*, órgano dos alumnos da "Escuela Normal de Santiago", editada nos talleres "La Comercial", publicación da que se conservan algúns exemplares. Entre as colaboracións solicitadas figura unha á Condesa de Pardo Bazán, quen lle contesta atentamente nunha tarxeta o 29 de outubro de 1913: "...estoy agobiada de trabajo ahora" A pesares diso a noticia sobre a súa posible colaboración figura na p. 8 do primeiro nº de *El Normalista*: a relación coa escritora estaba empezando.

Nas vacacións do verán de 1913, concretamente en xuño, uns amigos, D. Adolfo Sánchez Díaz e o notario betancero Don Víctor Valderrama, puxérano en contacto coa Condesa de Pardo Bazán co obxecto de que lle servise de auxiliar nos seus traballos literarios. E así empaza Vales (mozo de 22 anos) a frecuentar as Torres de Meirás.

Das súas vivencias colaborando con Dona Emilia deu conta, de pasada, nun traballo titulado "Unos estíos en las Torres de Meirás", publicado na revista de Don Regino Barbeito, *La Coruña, paraíso del Turismo* (1970).

O impacto de Dona Emilia en Vales foi moi importante, aínda que non se reflexase de maneira directa. A súa primeira sorpresa foi cando ó saír a recibilo lle preguntou simpáticamente qué libro traía debaixo do brazo: era *El Quijote*, que viñera lendo no



El Normalista

REVISTA DECENAL

Director: Francisco Páles Villamari.

ÓRGANO DE LOS ALUMNOS DE
LA ESCUELA NORMAL SUPERIOR
DE MAESTROS DE SANTIAGO

EN EL UMBRAL

Antes de internarnos en el edificio periodístico, antes de arrellanar nuestros cuerpos mozos en las poltronas reservadas a los *plumíferos*, antes de gustar las exquisitezeces del papel impreso, conviene decir dos palabras únicamente, a fin de que no se nos tache—y con razón justificadísima—de incorrectos. Siempre estuvieron los aspirantes al Magisterio español en muy buen concepto. Nosotros, los compostelanos, como es lógico, tampoco debemos desentonar. Si de otro modo procediésemos, mereceríamos el dictado de preciosos. Consta así.

¿A qué viene *El Normalista*? interrográse alguno.

¡Ah!, contestamos nosotros, ¿no lo advinas?... Mira; no viene a servir de tribuna para la petulancia, ni de escalón para la fatuidad, ni de escabel para el engrafiamento, sino a ser laboratorio, taller, librería, escuela y templo; bandera, escudo y espada; derrotero, faro y puerto, todo cuanto puede apetecer el futuro director de organismos sociales, el pedagogo del mañana. ¿Es esto poco? ¿Es mucho? ¿Es digno de elogio? ¿Es algo quijotesco y ridículo? A tu

buen juicio lo encomendamos. Habla... Pero, ¿callas? ¿Nuestras preguntas no te sugieren alguna respuesta, bien favorable, bien desfavorable?... Vaya; está visto. O eres un escéptico, o un pesimista... o un ignorante.

Miserable, te despreciamos. Aparta, que nos asquea tu presencia. Vé con tus prosélitos a disfrutar de unas orgiásticas horas, puesto que, para tí, mejor es saborear un buen «partidas» acompañado de caricias de meretriz que preocuparse de los hondos y trascendentales problemas pedagógicos. ¡A la corta o a la larga, necio, tendrás tu correspondiente merecido!...

Manifestado lo que antecede, hacemos punto. Mas antes queremos enviar un respetuoso y sincero saludo al Excelentísimo Señor Ministro de Instrucción Pública, al Sr. Director general de primera enseñanza, a los ilustrados Claustros de las Normales españolas—especialmente al de

D. Jesús Freire Silvá
distinguido escritor y poeta uruguayo, amante de España y entusiasta de Galicia, al que, honrándonos mucho y a medio del fotograma, presentamos a nuestros lectores, como redactor corresponsal y representante oficial de *EL NORMALISTA* en Buenos Aires.

Desde el próximo número publicaremos concienzudos y suggestivos estudios literarios del señor Freire Silvá sobre hombres y cosas de América, relacionados con el moderno progreso intelectual que alcanza la nobilísima nación española.

la de esta ciudad—y a la prensa de todos los colores. Y, además, un fortísimo abrazo a los compañeros nacionales de carrera. ¿Estamos?...

L.A. REDACCIÓN.





Dona Emilia Pardo Bazán.

viaxe desde Betanzos. E alí mesmo a Condesa improvisou uns comentarios sobre a obra de Cervantes que demostraron ó futuro mestre a amplia cultura e gran sensibilidade daquela muller.

Das súas estancias en Meirás só saíron da pluma de Vales unhas cuantas anécdotas, o comezo da versión ó galego da obra *El cisne de Vilamorta*, empezada a traducir na bisbarra do Carballiño no verán de 1978, algunas cartas autógrafas e unha serie de notas. Como máis tarde diría, faltou tempo para deixar constancia de frases, conversas, críticas, estudios e tantas cousas de Dona Emilia que nos poderían acercar un pouco máis á súa personalidade.

Finalmente, no 1916, recibe o título de "Maestro de Primera Enseñanza". E será neste ano cando publique en *Betanzos en el quinto centenario del voto a su glorioso Patrono San Roque* o seu traballo titulado "Fundaciones García Herma-

nos: Una visita a las escuelas". Era de esperar que Vales, mestre por vocación, se ocupara desta maravilla no campo educativo e asistencial.

Alabou a disciplina que vía e recordou unhas verbas: "La disciplina escolar es como la moralidad de los niños, y representa un orden necesario para la obra de la educación y de la enseñanza".

Había dúas clases de 50 alumnos (en sistema de semiinternado) cada unha, ademais de 200 párvulos atendidos polas *hermanitas*. Chamoulle a atención que se ensinara taquigrafía e mecanografía, que para aquel tempo debía ser como hoxe ensinar informática, así como que se preparara ós alumnos para a carreira de Comercio, cun evidente sentido práctico.

Alí viu con emoción os traballos dos nenos: planas caligráficas, debuxos a lápiz e tinta, corpos xeométricos, ... En fin, é de supoñer que todo isto influía no ánimo de Vales e ratificaría moito do que aprendera. Non tardaría en levalo á práctica. Porque hai que dicir que a mesma idea das excursións escolares que el desenrolara teóricamente, aparecía nas Escolas García Irmáns sublimada ó construir como complemento os fundadores (sobre todo Don Juan García Naveira) o "Pasatiempo", maxestuoso parque, feito para ensinar a quen o visitara (pero sobre todo ós nenos das Escolas), as maravillas de todo tipo que había no mundo.

Porque ademais, había nas propias Escolas un "museo de Historia Natural, las colecciones de monedas, los objetos prehistóricos, los aparatos de Agricultura, Agrimensura, Física y Química, la biblioteca, los relieves con los estilos arquitectónicos, ornamentos sagrados, figuras geométricas, asuntos astronómicos y geográficos, en fin, un verdadero «mare magnum»". Esta descripción, aínda que sumaria, é hoxe máis valiosa que nunca, posto que nos fala de algo do que a penas queda nada, como non sexa na memoria dos superviventes.



Cuberta e contracuberta do libro dos "Xogos Froraes" de Betanzos (1918).

Co ambiente social e cultural compostelano aínda fresco, en novembro do mesmo 1916 asina unha poesía, *A Pátreia*, pola que recibirá un premio por parte do Concello de Betanzos:

A PÁTREA

*Escoita, tenro infante, -- a vos agarimosa,
a fala doce e leda -- d'a nosa Pátreia Nai;
escoit'os seus arrulos -- de pomba querendosa;
repara, miña xoya, -- n-as festas que che fai.
¿Tí ves cóma te coida? -- ¿Tí ves cóma te garda?
¿E tí ollas cóma busca -- o teu contíno ben,
librándote de xentes -- de condiceón bastarda
e sendo, d'o teu corpo -- y-espirito, bô sostén?...
iA PÁTREA, nome santo, -- palabra arroubadora,
que soa cal arpexio -- de célico laís,
e que fai sair, a centos, -- d'a mente n-onde mora,
ideyas xigantescas, -- pretóricas de lus!...
Tí debes, pois, filliño, -- compr'â y-alma grande,
corresponder lixeiro -- a tan ardente amor;*

*con brflos defendela, -- aló cand'ela mande;
morrer s'é necesario, -- qu'o sacrifici'é honor*

F. Vales V.

Betanzos, noviembre de 1916.

Este título parece lembrar ó da conferencia que dera na Coruña D. Manuel Gómez Adanza o 23-II-1907, *Patriotismo nacional y práctico en Galicia*, onde aludía á necesidade de provocar a eclosión dun espírito rexionalista. O pacto electoral en Cataluña que promoveu exitosamente Salmerón exportarase a Galicia, e Betanzos será un punto clave para "Solidaridad Gallega".

Nesta cidade o semanario "La Defensa" tivo unha considerable influencia no tempo en que saiu á luz, entre o 5-VIII-1906 e o 23-I-1910, cun total de 169 números. Apareceu como "Órgano de las Asociaciones de Agricultores" e derivou doadamente no apoio sistemático ó movemento de "Solidaridad Gallega".

Pois ben, cando "La Defensa" desaparece, Vales tiña 19 anos e certamente non sabemos se intimamente participaba dalgunhas daquelas ideas. Si, que naquel tempo colaboraba cos periódicos contrarios (os liberais). Sexa como fose, é evidente que algunha inquietud social había na cabeza de Vales (sobre todo ó voltar de Santiago) porque de non ser así non se poderían xustificar os seus seguintes pasos.

"Solidaridad Gallega" esmorece a partir de 1912 e namentres Vales faise mestre en Santiago, nun tempo no que seguiría fermentando o galeguismo en diversas capas sociais, pero sobre todo no mundo intelectual, ata a aparición no 1916 das *Irmandades da Fala*. Segundo as súas inquietudanzas literarias, xa mestre, escribe e presenta no Teatro Alfonsetti coa Xuventude Antoniana, agrupación da que, ó parecer, era presidente no ano 1917, o monólogo para nenos titulado, *El ilusionista*.

O feito é que funda con outros mozos máis nese 1917 a *Irmandade dos Amigos da Fala de Betanzos* e organiza en 1918 os "Xogos Froraes", sendo o mantenedor Don Juan Vázquez de Mella. No libro que con este motivo se publicou é Vales Villamarín quen fai "unhas verbas" de presentación. Impreso con primor na "Imp. de Manuel Villuendas", contén tódolos discursos e traballos premiados. Daquí nace a amistade con Don Angel del Castillo (que xa fora colaborador asiduo de *La Defensa*), un dos premiados pola súa "Reseña histórica de los monumentos y obras de arte que existieron y existen en Betanzos". Na sección gráfica alcanzou premio o betanceiro e "irmán da Fala", Don José Veiga Roel, que presenta un magnífico debuxo a pluma do sepulcro de Andrade no que ía ser o seu estilo característico. Vales e Veiga serían amigos toda a vida, quedando como mostra dessa relación diversas ilustracións de Veiga nos traballos de Vales, así como



"A «Irmandade da Fala» dirixíndose, en xuntanza da Corporación municipal, Corte d'Amor e invitados, ó Teatro Alfonsetti pra asistire ós Xogos Froraes".



"Fermosas nenas que compuxeron a Corte d'Amor no-s Xogos Froraes, tendo por fondo a bandeira da «Irmadade da Fala» [hoxe no Museo das Mariñas] donada pol-o Conselleiro honorario D. Federico Pita Espelosín. D'isquerda a dreita: Anita Fernández, Pilar Suárez, Dolores Aparicio, Joaquina Iglesias -Reina-, Gloria Suárez y - Elvira Varela".

fotos súas dedicadas e os agarimosos agradecemento deste. Ese libro constituiu, sen dúbida, o precedente do "Anuario Brigantino" que Don Francisco crearía 30 anos máis tarde.

Pero cos "Xogos Froraes" remataría a presencia de Vales nas *Irmadades da Fala*, ó parecer por disensións internas,

posto que había quen lle disgustara que Vales, que fora o principal organizador, trouxese de mantenedor ó carlista e fundador (nese 1918) do *Partido Tradicionalista*, Vázquez de Mella, por máis que apoiará ó rexionalismo desde 1907, no ronsel de "Solidaridad Gallega" (fóra un dos oradores do mitin de Betanzos dese

ano, como xa se dixo). Isto debeu ser unha das causas pola que o libro nunca se chegara a distribuir, nin pagar ó impresor. Os poucos exemplares que se coñecen foron doados pola Familia Viluendas ós amigos.

Vales debía de admirar a D. Juan Vázquez de Mella y Fanjul, quizais xa desde 1907 cando o coñecera en Betanzos, e esa admiración e mesmo o contacto persoal ben poido ter continuidade en Santiago, posto que o dito político era colaborador de *Gaceta de Galicia* polas mesmas datas nas que Vales escribía nas súas páxinas como *Silvano de Leonisa*. O que si parece claro desde hoxe é que Vázquez de Mella, que moi ben poido colaborar nos *Xogos Froraes* dalgún xeito, o que non podía ser era o personaxe-símbolo que os representase (mesmo na cuberta do libro). E isto menos que nunca naquel momento no que, por unha banda el creaba o seu *Partido Tradicionalista* e pola outra as *Irmandades* tiñan un claro comportamento de partido político, cun programa e unha estratexia encamiñada a acadar uns resultados nas eleccións dese ano de 1918. Para iso chegarán mesmo a un acordo con Cambó, quen apoiará económicoamente o experimento que, por certo, fracasou.

Así pois, xa non nos extrañará que cando o "20 de San Martiño do 1918" a *Irmandade da Fala* de Betanzos solicite do Concello que "pida á autonomía integral da rexón galega", non sexa Vales quen asine senón Xosé Ferreira. E o mesmo pasará cando a *Irmandade da Fala* betanceira solicite que se poña no Concello a bandeira de Galicia xunto á nacional" no 1921.

A alusión admirativa de Vales na introducción do libro dos *Xogos Froraes* ó líder político das *Irmandades*, Porteiro Garea, non servira de nada. Nin tampouco que participara no libro Peña Novo, outro membro relevante do sector político, que sinalaba as directrices en

UNHAS VERBAS

A «Irmandade dos Amigos da Fala» de Betanzos, entidade integrada por un bon fato de rapaces ateigados de fondo amor á Terra, conxunto de bariles mozos que fixeron un verda-deiro programa d'aquela luminosa fras do mestre Porteiro, «n-o orden interior, por enriba de todo, somos galegos, e n-o internazional, antes que nada, españoles», contando c'a entusiasta e decidida cooperación do seu Conselleiro honorario, D. Federico Pita Espelosín –nobre e desinteresado cabaleiro que loita a cotío pol-o engrandecemento d'iste pobo esmorecente– e c'o moi valioso concurso –que de corazón agradece– de diversas corporazós, sociedades e sinificadas persoalidades españolas, celebrou o dezasete do derradeiro mes, con motivo dos festexos qu'eiquí se fan cada ano n-a honra do grorioso S. Roque, unhos solemnes *Xogos Froraes* de carácter eminentemente rexional e, sobor todo, local, xa que son moitos os probremas que se persentan n-a vida diúta vella cibdade, chamada, pol-a sua historia, situazón topográfica y-estratéxica, e por outras razós más ó alcance do senso común, a desempeñar un importante papel n-o porvir, pesi-ós espíritus indiferentes y-a todos aqueles qu'ollan con vidros afumados o desenvolvemento e desenrolo d'ista meiga capital das Mariñas, d'iste fermoso anaco de chan galaico, tan esquenrido de propios como por alleos cobizado.

Ó mentado torneo cultural concorréu un escolleito prantel de persoas adicadas ó estudio das custiós galaicas y-en especial das que teñen relación c'o país betanceiro, suministrando todas elas, en verdade, vastísimo e interesante material pr'o compreto conocemento da Galicia e Betanzos, en multitud d'aspeitos. E con ouxeto de que tan útiles traballos sexan do dominio dos amantes da nosa Suevia querendosa e d'iste Brigantium que docemente nos cobixa, danse hoxe á publicidade, en simpática xuntanza c'a diviña oración do ilustre manteñedor do dito Certamen, doinxente Vázquez de Mella, c'unhas vibrantes y-enxebres cuartillas do apóstol do rexionalismo galego, D. Rodrigo Sanz, e c'o ben pensado y-enxundioso discurso do Sr. Pita Espelosín, que falou n-o nome da agrupazón organizadora de tan culto festival, n-a seguridade ausoluta de que tal brillante antoloxía terá de sérre do xeneral agrado.

Pol-a «Irmandade da Fala»,
FRANCISCO VALES VILLAMARÍN

Presidente
Mes de San Miguel, n-o 1918.



O mestre D. Francisco Vales cos seus alumnos da Escola dos Castros (A Coruña) arredor de 1920.

materia económica. 1918 ademais marca o fracaso electoral das *Irmandades*, e a prematura morte de Porteiro desencadea que a partir dese momento desapareza das *Irmandades* a liña política, mentres que pervive a cultural: nesta, dalgún xeito, permanecería o mestre Vales.

Despois dun corto destino nunha escola de Franza (Mugardos), foi nomeado mestre da escola de nenos dos Castros (A Coruña) arredor de 1918, ano no que casa (3-VIII-1918) coa betanceira Dona Rosa Vía Bonome. Aquí, frente á hoxe case desaparecida praia do Sanatorio de Oza, no nº 62 da carretera do Pasaxe, desenrolou a súa gran laboura pedagóxica. Alí permaneceu ata a súa xubilación, menos os tres anos en que foi destinado á Escola "Eusebio da Guarda", na Praza de Pontevedra da Coruña.

Inspirado nos avances pedagógicos dos séculos XVIII e XIX, desde Pestalozzi á Escola Nova, chegando á *Institución Libre de Enseñanza*, aborda unha serie de actividades ata daquela a penas postas en

práctica. Isto costoulle máis dun problema polo escándalo que para algúns pais supoñían as novas experiencias, posto que as consideraban unha perda de tempo. Pero foi unha batalla gañada co paso dos anos e os froitos evidentes nos seus alumnos. Foi a súa fonda vocación a que o mantivo nesta loita diaria; tanto é así que chegou a renunciar a trasladarse a Buenos Aires para facerse cargo da administración dunhas importantes propiedades que, en herданza, lle correspondería á familia, por parte da súa muller, Dona Rosa. Estas propiedades irían pouco a pouco desaparecendo ó caer nas mans de non moi fieles representantes.

A súa vocación polo ensino tamén o levou a rechazar un destacado posto nunha entidade bancaria coruñesa, cuns emolumentos moi superiores ós que percibía no Maxisterio

Esta vocación e o amor á súa terra impedianlle emprende-la vida lonxe do Mandeo e "se emigra algunha vez á ser pró Ceo", como aseguraba Don Enrique Chao Espina nunha poesía a el adicada.



*O mestre D. Francisco Vales cos seus alumnos da Escola dos Castros (A Coruña)
o 20 de marzo de 1924.*

Aquelhas incipientes coleccións de moedas, selos, plantas, minerais, etc. da súa nenez, pasaron á súa escola e comenzaron a medrar pola laboura dos alumnos que el encauzou ó longo de sucesivas xeracións.

Nun tempo no que a hixiene non tiña a consideración social de hoxe, Don Francisco, xa no 1918, facía unha revisión de limpeza ós nenos, empezando polas mans e as uñas. Daba clases de galego e esperanto. Para incrementar a colección de selos, favorecía nos alumnos o intercambio epistolar, co que os animaba á escritura, á comunicación e ó coñecemento de lugares e países dun xeito máis directo. Nomeaba nas clases "responsable" de tal ou cal sección, de maneira que cada un pertencía a algunha das: Botánica, Numismática, Filatelia, Carpintería, Mecánica, Efemérides do día, Biblioteca, Material Pedagóxico, organización de visitas os xoves pola tarde e os domingos pola mañán, etc.

Os funcionarios de aquela época no Concello, Deputación, Banco Pastor,

Caixa de Aforros, Correos, Telégrafos, Torre de Hércules, Castelo de San Antón, Círculo de Artesanos, etc., foron pacientes testigos de aquelas visitas escolares de Don Francisco cos seus alumnos, onde se realizaban ficticios trámites con documentos redactados e preparados previamente na escola.

As planas caligráficas, os debuxos, os exercicios de redacción, os traballos manuais (a Torre de Hércules a escala, o hórreo de Betanzos, o casco do guerreiro romano, etc.), ..., foron levados a cabo polos alumnos, para ser expostos anualmente, ó remate do curso, diante dos pais, invitados especialmente á mostra. Moitos nenos desa época, hoxe avós, conservan con agarimo estes traballos, que recollían ó abandonar a escola. Todo isto, naturalmente, facíase sen deixar de lado as asignaturas propias do primeiro ensino.

Deste xeito, Don Francisco foi moldeando, por así dicilo, xeracións de persoas dos Castros e das Xubias, que áinda hoxe o lembran con emoción.



O mestre D. Francisco Vales cos seus alumnos da Escola dos Castros (A Coruña) en xullo de 1932.

Algo curioso, adiantado para aqueles tempos, e que moitos anos despois apareceu como unha necesidade no aspecto pedagóxico, foi a utilización dos métodos de Alfred Binet (1857-1911), o psicólogo francés que realizou estudos fundamentais sobre os problemas da memoria, da atención e da relación entre o desenvolvimento cerebral e a intelixencia. Os hoxe tan utilizados *test* que Binet creara a fin de determinar as aptitudes dos escolares e, en xeral, para calibrar o que el chamou a *idade mental* dun individuo, eran coñecidos polos alumnos da Escola dos Castros nas décadas de 1930 e 1940.

No 1927 escribe a poesía en galego "Lembranza" dedicada ó pai da Pedagogía, Pestalozzi, no primeiro centenario da súa morte, e como rotundo manifesto da súa vocación polo ensino:

Lembranza

No primeiro centenario da morte de Pestalozzi

*N-este día solene, n-esta brillante festa,
baixo o palio dos ceos, no meio da floresta,
tremendo d'emoción,
pídovos un recordo sentido, querendoso,*

*pra aquel que á meiga infancia, cal un pai garimoso,
quixo de corazón.*

*Cen anos van cumpridos do seu fenesamento,
y os que as doctrinas súas, con gran contentamento,
seguiron hasta eiquí,*

*adícanlle homenaxes cheos de gratitudine,
louban a súa cencia, gabán a súa virtude,
gorificándoo así.*

*E nós, aporveitando esta xuntanza grata,
onde están mesturados cabelos d'ouro e prata,
entoemoos tamén*

*co-a y-alma de xionllos un hino homilde e xinxelo
ó Mestre esgrevio e santo, de apóstoles modelo,
ó autor de tanto ben.*

*iGloria, pois, meus neníños, ben amada semenza,
ó xigantesco Xenio, ó espírito máis inxente
da nova Educación!*

*Xuremos emulado por ben da nosa Terra
e, como él, á ignorancia declarármol-a guerra
con cívico tesón.*

*Rendamos á Xusticia un culto permanente;
vexamos no Traballo un honor inmorrente,
y esperemos en Deus.*

*E inda que nos ofendan cen veces na xornada,
sufrámos resinados a saña malfadada,
que ésta é a proba dos bós.*

A Escola dos Castros pasaría, moi pouco despois da Guerra Civil, a un cha-

let cedido polo Dr. Sal Lence, en memoria dun fillo seu, morto en campaña. Denominaríase: "Grupo Escolar Teniente Médico Sal Lence".

Unha poesía de Vales da década dos corenta fálanos ben de cómo era a imaxe ideal que buscaba na laboura de mestre. É unha declaración de principios:

O sentir d'un picariño: Ô MESTRE

Nenío galego, do agro ou da cibade,
eu ténoche un mestre ... ¿Qué saber cómo é?
Garimoso, ledo, con rexia vontade,
e no porvir noso con inmensa fé.
Cheo de enxebreza, perito na cencia,
sano conselleiro, nobre, servicial,
sin vicios, nin lixos na súa concencia
y-amigo de todos, como é natural.

Eu coido que naide cal él sabe a fala
tan meiga e tan doce dos nosos abós.

Eu con él somente deprendín a amala
y a empregala sempre que falo con Dios.

Xa ves que ralouco de fonda ledicia
o estarche contando súa historia sinxel.
¡A Groria sería daquela Galicia
si todo escolante fixera como él!

No 1922 foi pensionado (R. O. de 13 de febreiro) para asistir en Madrid a un curso de perfeccionamento e ampliación de estudios, que se celebraría en marzo dese ano. Este curso tiña preparada unha visita á *imperial* cidade de Toledo e na Casa do Greco foi onde escribiu o soneto así titulado:

TOLEDO

Tarde primaveral, luce la vega,
orgullosa, su manto esmeraldino.
Ardiente madrigal, sutil y fino,
desde el Tajo gentil hasta mí llega.

Un grupo de palomas, feliz, juega
sobre el dintel del pórtico vecino.
"Posada de la sangre": Añejo vino
apura con fruición gente andariega.

Un canónigo pasa apresurado
—en la basílica el sitial le aguarda—;
su Baedéker hojea anonadado
un inglés semejante a una espingarda.
Y a su ninfa, un cadete enamorado
habla del Vivar, con faz gallarda.

Na cidade de Lugo concédenlle a "Flor Natural" nos Xogos Florais de 1923 polo seu poema *Ollo co'esa pécora*, do que coñecemos o orixinal ó ser atopado casualmente polo seu fillo, Don Francisco Vales-Villamarín Vía, despois da morte do autor, quen o cría perdido.

OLLO CO'ESA PÉCORA

Revolvendo, unha noite d'inverno
en vellos papeis,
xa roldos algúns polos ratos
e inzados de vermes
atopei, moi atada con trenzas,
a historia siguiente,
que é o remate, curioso por certo,
según pode verse
do poema xenial titulado
"Contos das Mulleres";
d'esa obría tan chea de vida,
tan pura y-enxebre,
que o Mistral galiciano compuxo
pra nos entreter
c'os seus cadros de lus y-armuñas
que saben a meles.
Eu non sei si dirá o bon don Xixo
contr'o seu chaleque,
dend'o posto que na Groria ocupa
—que é posto de reises—:
—"Ben mirado, é moi grande ousadía
a de certas xentes ..." —
Mais si chega a pensar de tal xeito,
quiero eu que s'entere
que é este tema, soliño, o culpable
de canto socede
y-esto dito empécémol-o conto,
ie Dios diante sempre!

I

Pois, siñor, quen tivera
o gusto de pasar ós poucos anos
da morte de Rosiña da Labrada
pol-a casa que chaman do Fidalgo,
vería con asombro
n-un curro do sobrado
coma a tía Grabiela de Cancelo,
muller que, según din, pautou c'o dianó,
facálle á Tomasa
unhas cruces nas mans c'un dente d'allo.
O por qué d'esta rara ciremonia
fácil é adiviñalo:
a rapaza está tola por casarse,

pero os mozos non paran ó seu lado.
 Mala abella foi sempre,
 y-agora encontra o pago.
 Chamóu á sabia, de caraxe chea,
 pra que ll'esconxurase aquel meigallo,
 porque ela na cachola ten metido
 que alguén a enfeitizou á veira do adro.
 ¡Meu Dios, o que esa vella desdentada
 no seu corpiño leva manciñado ...!
 non pol-o intrés da nena, ivaiche boa!,
 sinón por mor dos cartos;
 que hastra as meigas traballan con más ansia,
 si ven que na falchoca métese algo.
 Doulle a beber, mesclados con vinagre,
 os ollos de tres sapos;
 coseulle no xustillo os evanxelios
 y-unha bulsa cun feixe d'achifánfanos.
 cornos de vacaloura,
 follas de ruda e d'herba dos encantos
 un oso de difunto
 y-os bigotes d'un gato
 fixoa andar nove noites
 o redor d'un carballo,
 levando na man dereita un cirio a ceso
 e na esquerda ... un queixão ben curado
 porque ó millor o demo tiña fame,
 y-a vella non quería disgustalo
 mandouna a San Andrés y-a Pastoriza
 c'un hábito mourado,
 e tuvo que subir arrudillada
 ipásmate ti, leutor, ó Monte Xalo ...!
 Mais os homes non "pican",
 y-a probe da Tomasa está acabando.
 Dios sabe si é por causa dos desprezos
 ou si é porque os remedios amolaron.
 osita

II

Morréu xa rapaza, vexamos agora
 qué sorte ll'espera nos quintos infernos,
 pois no Paradiso non deixan meternos
 si a folla da vida limpiña non vai;
 y-a que ten Tomasa moina s'atopa,
 está tan luxada, que dá noxo vela,
 e n'ai, iabofellas!, por onde collela
 ¡Mirade oi Xudas, ben sabe o que fai!
 O demo encargado da Segredaría,
 poñendo unha cara d'axente do fisco,
 botou n-un cuaderno d'apuntes un risco
 e díxolle á moza con áspera vos:
 - "Según o disposto nos nosos concellos,
 non debe, siñora, quedar n'esta casa;
 xa pode volverse, que eidíl naide pasa
 cúa y-alma tan chéa d'envexa e traiciós."



Ilustración realizada por D. Francisco Vales-Villamarín Vía.

- "Mais antes agarde, fai falla que leve do sitio
 onde estivo profundo recordo".
 y-un berro soltando dos que díxan xorso,
 doulle a un taravelo y-a fenestra abréu.
 Tomasa daquela ver pudo unha escea
 que no mesmo Ceo dino asento tiña:
 As bodas solenes de Xan e Rosiña,
 a tenra parexa que tanto sofreu.
 Os arxes rodean ós douis namorados,
 cantando e brincando con grande ledicia
 Un santo na outura da un ¡Viva Galicia!;
 oise un aturuxo y-un meigo alalá,
 As cónchegas soan, estalan os fogos,
 non dan pas ós dedos os sagros gaiteiros
 e n-un refuxente trino de luceiros
 a dos Ollos Grandes persidindo está.

III

Como unha mona, corrida,
 do inferno a Fidalga sal.
 Atopou eidíl acollida,
 por eso temos na vida
 quen nos aconselle mal.

Nas décadas de 1920 e 30 está integrado no grupo "Los Amantes del Campo", que lle permite continuar coa súa afición de camiñante. Foron os seus compañeiros, entre outros: os irmáns Otero, o pintor Seijo Rubio, Rof Codina, Monteagudo (pai do arqueólogo Luis), D.



"Los Amantes del Campo" despedidos en Vegadeo (Asturias) arredor de 1927. Abaixo, por esas mesmas datas, en Chavín (Viveiro) nos talleres do Sr. Barro.



Manuel Insua, o fotógrafo Cancelo, etc. Non era nin montañismo nin riguroso *senderismo*; eran más ben uns paseos campestres, acercándose en tren ou autobús ós lugares previamente elexidos (igrexas, mosteiros e paisaxes coñecidos pola súa beleza natural), complementados coa comida, tamén campestre. Algo semellante ó que nos nosos días fan os

Amigos do Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón da Coruña, co seu animoso director, D. Felipe Senén, ó frente. Ó regreso á cidade herculina, segundo reseñas da prensa local, traían "doce ferrados" máis de saúde.

Don Francisco sempre tomou moi en serio estes paseos e comidas ó aire libre, sendo coñecido polo seu especial atuen-



"Los Amantes del Campo", arriba en Espenuca (A Coruña) o 6-XI-1927 e abajo en Sargadelos (Lugo) arredor do mesmo ano.



do: traxe de pana, bandas polas pernas, botas especialmente preparadas, mochila ou morral e bastón de pau de toxo, que áinda conservan os seus familiares.

Fundou, xunto cos seus amigos e compañeiros, Rosita Buján, Pepe Vieiro, Lino Irigoyen e Ramón Lamela, o "Mu-

seo Pedagógico Regional", establecido na Coruña e autorizado por R.O. 8-X-1926. Nesta institución desempeñaría os cargos de secretario e bibliotecario.

A revista madrileña *Boletín Escolar* concédelle, por eses anos, un galardón nun certame literario a nivel nacional.



La inspección Profesional de Primera Enseñanza dice a este Alcaldía-Presidencia lo siguiente:

"Con motivo del examen de los presupuestos escolares esta inspección ha podido comprobar que algunos señores Maestros aun no han dado de baja en sus escuelas libros de tendencia marxista o que están en pugna con los sentimientos patriótico-religiosos que son norma de la Nueva España; por cuya motivo me dirijo a V. para que sin pérdida de tiempo y auxiliado por los señores Vocales Curia Párroco y Maestro Nacional de ese Consejo de su digna Presidencia practique las debidas gestiones a fin de que sean retirados de las escuelas nacionales todos aquellos libros que por las causas expresadas deben desaparecer de las mismas, y entre ellos los siguientes:

Menrique: Lecturas cívicas.

Rodríguez García: Historia de España.

Azcón y Solana: Lecturas ciudadanas".

Lo que transmiso a V. para que, si no lo ha hecho ya, proceda a retirar inmediatamente los libros a que se refiere el oficio transcripto.

Díos guarde a V. muchos años.

La Coruña 2 de Octubre de 1.937.

II Año Triunfal.

Alonso Martín-Garcéchill

sr Maestro de la escuela nacional de niños de LOS CASTROS

Tamén D. Francisco, home que estivera cerca dos liberais de comenzaños de século e ata do galguismo das Irmandades, foi obxecto de sospeita nos anos da Guerra Civil, alánda que non parece que as cousas para el se complicaran.

A mediados dos anos vinte é cando comienzan as súas visitas diárias, a últimas horas da tarde, á Biblioteca do Círculo de Artesanos e á Real Academia Galega, intimando con aquel gran cabaleiro da cultura de Galicia que era Don César Vaamonde Lores.

No ano 1931 aparece no Boletín de la

Real Academia Gallega (ano XXVI, nºs 235-236) o que parece ser a súa primeira colaboración nesta obra, que tanto significaría para el, posto que a dirixiría anos despois. O traballo titulábase: "A Confraría da Concepción, de Betanzos". De feito é o seu primeiro traballo de investigación histórica.

Por estes anos colabora nas Colonias

Escolares con Don Marcelino Pedreira, venerable personalidade pedagóxica, da-
qua destinado na Escola do Orzán.

No 1935 a revista do Centro Social Betanzos de Buenos Aires publica, con motivo das festas de San Roque, un pequeno traballo de Vales sobre a prensa periódica brigantina. A mesma revista no 1936 publícallle outro traballo sobre Don Manuel Villacampa y del Castillo ...

No 1937 fina a súa madrasta, Dona Juana Estrada, que tanto se desvelara por el.

Comisionado pola Deputación coruñesa estudiou en Asturias a organización das bibliotecas populares.

Realizou diversas investigacións históricas nos arquivos nacionais de Valladolid e Simancas, pensionado pola Deputación da Coruña e polo Concello de Betanzos.

No mes de febreiro de 1940 é nomeado Vocal da "Sección Provincial de Selección y Protección para la Enseñanza Media do "Instituto Nacional de Enseñanza Media" da Coruña, designado polo "Director general de Enseñanza Superior y Media".

En sesión do 17-X-1940 o Concello de Betanzos nomeouno Cronista Oficial da Cidade.

En comunicación do 1-XII-1940 D. José Seijo Rubio, como apoderado do Servicio de Defensa do Patrimonio Artístico Nacional na provincia da Coruña, outorgoulle a súa representación.

Unha das maiores e máis íntimas alegrías que tivo, foi o seu nomeamento como Académico Numerario da Real Academia Galega, en sesión do día 8 de decembro de 1940, sendo Presidente Don Manuel Casás Fernández e Secretario Don Alejandro Barreiro Noya. Este título, expedido o VIII-1941 e enmarcado artísticamente, figuraría sempre nun lugar preferente do seu despacho.

Nos libros de inspección, e ó longo dos moitos anos do seu maxisterio, fóreronse



O Vello Rilo. Debuxo de Veiga Roel.

*Estampas betanceiras:
O vello Rilo*

*Naceu –según é fama– aturuxando
e facéndolle chiscos á parteira.
Ensinoulles ós merlos a muiñeira
cando de pequerrecho iba c'o gando.*

*Foi un don Xan Tenorio, namorando,
e un Marcial de calzón e de monteira,
e contaba no adral ou na lareira
historias da «facción» e o rey Fernando.*

*Sabía de memoria o Cipriánillo,
libraba da túrla e o garrotillo,
conxuraba os meigallos e o tronante ...*

*E nas romaxes de este chan saudoso
como gaiteiro enxebre e fachendoso,
non lle puxo ningúén nunca o pé diante.*

Francisco Vales Villamarín. 1934.

reflexando de maneira constante unha serie de calificacións encomiásticas por parte de tódolos inspectores que pola súa



Betanzos visto por D. Xosé Veiga Roel.

Estampas betanceiras:
Terriña meiga

Terriña meiga de Brigo,
pobo nobre e xeneroso,
lévote sempre comigo.

¿Cómo vou eu esquencerte,
se a dor que me martiriza
fixe cando chego a verte?

Esas rúas costaneiras,
esas eirexas fermosas,
esas prazas feiticeiras;

eses ríos cristaños,
eses brillantes viñedos,
eses floridos camiños ...

Todo, todo traime vida,
as enerxías devólveme,
damé a saúde perdida.

iDoce chan dos meus amores,
Deus te encha de bendiciós
e che dea as ditas maiores!

iE O Señor queira tamén
que, ó morrer, fique o meu corpo
onde me fan tanto ben!

F. Vales Villamarín. 1929.

Estampas betanceiras:
¿Cantámoslle ó maio?

Preto do adral do gólico mosteiro
paróume o ledo coro de pequenas,
e alí escoitéi de novo as cantinelas
do noso arcaico e inxenuo Cancioneiro,

e vin durmir o Maio feiticeiro
baixo do arco de fiuncho e de verbenas,
nus os braciños, crado de azucenas,
semellando un querube de Ferreiro.

Ó rematar a clásica toada,
as meixelas da nena enhán de bicos,
despois de darrle a ofrenda merecida.

E cando se alonxou pola calzada,
locindo fachendosa, os repinicos,
a Saudade deixóume a alma ferida.

Francisco Vales Villamarín. 1935.

Estampas betanceiras:
Dazaséis de agosto

Xa os danzantes á Praza van chegando,
ô son de ribeiranas e muiñeiras;
se están as feneiras atestando
de nenas de olladiñas feiticeiras.

Cruzan o espazo globos de mil cores
e ás mans non dan sosego os fogueteiros...
xa, por fin, aparecen os veedores
e o pendón da cibdade c'os maceiros.

Ponse en marcha a brillante comitiva
alcalde, rexidores, convidados,
milicias, danzas, músicas, xigantes ...

(Logo comenzará a función votiva)
E no Campo, descóbrense, pasmados,
ó pasal-o Concello os feireantes.

F. Vales Villamarín. 1929.



Escola pasaron e que se condensan no comunicado oficial do 15 de outubro de 1942, onde a "Dirección General de 1ª Enseñanza", a proposta da Inspección da provincia "se complace en otorgar un amplio voto de gracias por su destacada y fecunda labor profesional al maestro de La Coruña D. Francisco Vales Villamarín."

O día 10 de agosto de 1948 rematouse de imprimir nos "talleres gráficos de Manuel Villuendas" a que probablemente sería a súa obra de maior trascendencia: o ANUARIO BRIGANTINO. Estaba editado polo Concello de Betanzos e saiu baixo a dirección de Don Francisco os anos: 1948, 1949, 1951 e, logo de trinta de silencio, volveu no 1981, cando as forzas e a propia vida do mestre tocaban ó seu fin. Pero esta obra non morreu con el, posto que desde esa data aparece ininterrumpidamente.

O Anuario dos tres primeiros anos subtitulábase: Historia, Etnografía, Bellas Artes, Administración Municipal,



Ayuntamiento de Betanzos

Núm. 2.653

La Excmo. Corporación municipal que me honro en presidir en sesión celebrada con fecha 17 del actual ha acordado por unanimidad aceptando propuesta del 2º Teniente de Alcalde Sr. Noguerol conferir a V. el servicio de cronista oficial de esta Ciudad y su término municipal que lleva aparejados los derechos necesarios para su mayor eficacia. Son motivo del acuerdo los indudables méritos contraídos por V. en su brillante labor brigantinista y el pensamiento de que se reconocido entusiasmo y celo por descubrir ordenar y activar los vestigios del interesantísimo pasado de nuestra querida Ciudad serán la mejor salvaguarda de cuantos datos objetos y documentos se conservan al presente y se hallen enlo porvenir.

Al tener la satisfacción de ponerlo en su conocimiento a la vez que ruego su aceptación le reitero el agradecimiento de la población que represento por su brillante campaña en favor de la reivindicación para ella del puesto que realmente le corresponde en la Historia.

Por Dios, España y su Revolución Nacional-Sindicalista.

Betanzos,



2º Delegado de Falange. 21 de nov. 1948
F. Vales

Nomeamento de Cronista Oficial da Cidade de Betanzos

Actualidades. Costaba 6 pts. no 1948, passando a 10 e a 20 nos dous números seguintes.

A Escola, o Anuario e o Boletín da Real Academia absorben o seu tempo. Nos tres primeiros Anuarios aparecen estudos seus sobre a Casa Consistorial de Betanzos, o retablo maior da igrexa



*Estampas betanceiras:
O «Turito»*

*Foncho de presunción, rube a calzada,
rodeado de infantil algarabía,
o muñidor da «Ilustre Confraría»,
que avisa prás funciós da Inmaculada.*

*Chega á porta de casa brasonada
bela mansión de ranza fidalguía—
e xurde, entón, a anterga melodía
do pífar o tambor, alborozada.*

*Visita o da opalanda ó cabaleiro,
do vigairo mostrándolle o mandato
e a bulsa aberta da piedosa esmola ...*

*e cos menestrés volta pró mosteiro,
sempre co mesmo empaque e aparato,
sempre no meio de tronante riola.*

Francisco Vales Villamarín. 1934.

*Estampas betanceiras:
Día de feira*

Todo el que se propone retratar
costumbres hace historia.

Unamuno

*—¡Ó barato, rapazas, ó barato!
—¡Agulletas e mecha!*

—¡Hala ó cebolo!

*—Neses cartos non vai. ¿Seique estou tolo?
—Leva os almallos, hom. ¡O trato é trato!*

*—¡Hola, Sabela! ¿Cómo queda o fato?
—Almas boas, mirái qué desconsolo!
¡Socorréi ó ceguiño! ... (Olla eiquí, Lolo,
que a xerra, ó parecer, ten un burato.)*

*Porcos, meias de lá, pantrigo, zocas,
fouces, xugos, chedeiros, línio, rocas ...
Vello romances. Barrufeiros tesos.*

*Caciques aldeás —ventres inchados—
Labregas con cativos esfameados ...
¡E o maínzo, no azougue, a catro pesos!*

*Francisco Vales Villamarín. 1947.
Debuxo de E. de la Iglesia Caruncho↓*





O xeneral D. Fermín Gutiérrez de Soto imponlle a D. Francisco Vales a "Encomienda de Alfonso X el Sabio".

de Santa María do Azougue, o sepulcro de Andrade "O Bóo", etc.

A proposta do Ministerio de Educación Nacional recibe do Xefe do Estado (comunicación do 10 de setembro de 1949) a "Encomienda de Alfonso X el Sabio" e o Concello da Coruña acordou imponerlle a correspondente insignia en solemne acto público, se ben non chegaría a celebrarse por expreso desexo de Don Francisco. Posteriormente nun acto íntimo no "Servicio Español del Magisterio" foille imposta polo xeneral D. Fermín Gutiérrez de Soto, que presidiu o acto.

As súas obrigas profesionais e a Academia Galega non lle impiden visitar Betanzos nalgunha das dúas feiras mensuais e nas vacacións da Semana Santa, verán e Nadal.

A "Real Academia de Bellas Artes Nuestra Señora del Rosario" da Coruña nomeouno "Académico de Número" o 19-I-1952. E o día 30 dese mesmo mes e ano o Concello de Betanzos concedelle a Medalla de Plata da Cidade.

***Estampas betanceiras:
Na redacción de "El Escobón"***

Á boa memoria de Fernando García Acuña e do seu fillo Fernando, compaíñeiro meu de escola primaria.

*No regazo da noite estrelecida
dorme a ancestral cidade. A lúa chea
rise da parelliña que mocea
baixo un farol de luz esmorecida.*

*Renxe unha tosca prensa, xa vencida
polos anos de loita, e chapucea
nun anuncio de certa panacea
un aprendiz de face descorida.*

*Entra na imprensa, de caraxe roxo,
o novel xornalista, e nun recanto,
sobre o papel desfoga o seu enoxo.*

*Ás caixas pasa o artigo, e mentres tanto
toma asento nun banco meio coxo,
fala de enviar a alguén ó camposanto.*

Francisco Vales Villamarín. 1935.



10-II-1952. Homenaxe dos seus antigos alumnos coa colaboración do Centro Cultural e Deportivo dos Castros.





D. Francisco Vales falando no acto de descubrimento da placa que da o seu nome a unha rúa coruñesa dos Castros (21-V-1961). Entre as autoridades atopase o Alcalde de Betanzos, D. Tomás Dapena Espinosa e o da Coruña, D. Sergio Peñamaría de Llano.

O 10 de febreiro de 1952 os seus antigos alumnos, coa colaboración do Centro Cultural e Deportivo dos Castros, rendéronlle unha homenaxe popular de fonda emotividade. Dese día quedan algunas fotografías e máis un fermoso pergameo, magníficamente enmarcado, que Don Francisco tivo sempre nun lugar preferente do seu despacho.

En xullo de 1952 comunícaselle o nomeamento de "Socio efectivo" da "Sociedade Martíns Sarmento de Guimarães.

Entre os seus traballos de 1953 atopamos o "Bosquejo histórico de Betanzos de los Caballeros", publicado no número extraordinario de *Faro de Vigo*, con motivo do centenario dese periódico. É un intento de síntese de moito interés e que resulta urxente recuperar.

En setembro de 1954 a "Academia de Genealogía y Heráldica Mota Padilla" expídelle o diploma acreditativo de "Académico Correspondiente", datado en Guadalajara (Jalisco, México) o 3 de decembro dese ano.

Pouco despois das vacacións de Nadal,

o 25 de xaneiro de 1955 o B.O.E. publica a Orde do "Ministerio de Información y Turismo" na que se nomea a D. Francisco "Vocal de libre designación" da "Junta Provincial del Turismo", a proposta da mesma e como Cronista Oficial de Betanzos.

Desde Venecia, recibe un escrito do "Instituto Internazionale per lo Studio e lo Sviluppo delle Relazione Umane" comunicándolle que en data 9-I-1955 fora nomeado "Membro Corrispondente" da dita institución.

A proposta do "Presidente da Real Academia de Bellas Artes Nuestra Señora del Rosario" da Coruña, da que xa era membro de número, é designado, o 26-V-1957, para formar parte da Comisión de Monumentos da mesma.

Destes anos son, entre outros, os seus traballos sobre "La Capilla del Arcediano", publicado no tomo XXVI do Boletín da Real Academia Galega e "Don Pedro de Agar y Bustillo" da mesma publicación.

Pero Don Francisco, que por estas da-



1959. Constitución do Patronato do Museo "Emilia Pardo Bazán"
(D. Francisco é o primeiro sentado pola esquerda).

tas recollía múltiples homenaxes, tanto pola súa laboura de mestre, como, e sobre todo, polas súas investigacións históricas, seguía sendo un poeta. Isto era máis esencial para el que nada: unha necesidade vital. E proba delo é a reafirmación que fai do seu amor polos nenos, no seguinte poema de 1958:

Estampa do Nadal ¡QUÉ FESTA RAPACES!

Â roda, rodíña,
â rodíña, roda!...Dixo o señor mestre
que non hai escola.
—¡Qué festa, rapaces!
¡Qué día de troula!
¡Veña un aturixó
e ... veña outra volta! ...
¡A buscar Carriza
pol-a carballoa!
¡E non esquenzades
fieitos e queiroas!
Este Nascimento
ha de ser de sona,
ánón sí, Ramonciño?
Pero, ¡qué tes? ¡Choras?
Conta o que che pasa.
Di, ¿por qué saloucas?

Estampas betanceiras: A Procisión dos «Caladiños»

*Pol-a rúa seixosa e costaneira
pasa o cortexo, envolto en ladaññas.
Van co'as facianas as meniñas
e tanxe a caixa triste, pranxideira ...*

*Arden varios brandós n-unha vidreira,
e entran na fila, como tres raíñas,
as fillas do notario de Cuchiñas,
discreto secular de Orden Terceira.*

*Ó pé do Consistorio, a Nai chorosa
escoita o «Stabat Mater dolorosa»
que con fondo fervor o «Eslava» canta,*

*mentras o astro da noite, esplendoroso,
dendeis do azul infindo e misterioso,
baña en bicos de luz a imaxen santa.*

Francisco Vales Villamarín. 1935.

—É que don Queitano ...
iBoh!, dame vergoña.
—Fala, hom, e non temas.
—Destonces escoita:
—Podo sel-o Neno
en troques do Froila?

*Estampas betanceiras:
Viño aberto*

A Emilio Merino, apaixoadó brigantinófilo en testemuño de admiración e afecto.

*Ramallo de loureiro sobre a porta
e a saba familiar cobrindo a entrada.
Chourizos e roxós. Ole a empanada,
e na fustalla, o néctar que conforta.*

*Moulando nun codelo, ó dreito da horta,
entra na adega Fuco o de Chantada
e toma asento, ó quente da larada,
no tallo feito dunha cepa torta.*

—Ponme, se che parés, eiquí un netiño,
que a codia non me corre sen o viño.
—Con éste xa son seis, contando os de onte.

—¡En bastos! —berra o Goros, arrotando.—
—¡Ouh!, ti, que ves de fora, ¿qué di o bando?
—Que coa traída xa nos sobra a fonte.

Francisco Vales Villamarín.

—Eu coido que sí,
e faréillo agora
presente ó escolante,
que está alá na porta.
Xa ves como ten
bon amanío a cousa,
iE aleda esa cara,
que hoxe é Noiteboa! ...
E virán os anxos
a cantal-o Groria
e o tío Xacobe
co'a súa zanfona,
e haberá pandeiros,
ferreñas e cónchegas,
e tí sorrirás
â xentiña toda
dén desde estas pallas
probes e homildosas.
¿Contento, querido?
—¡Qué bon es, Xanocas!
Deixa que che dea
unha apreta longa.
¿Unha apreta díxen?
¡Moitas! ¡Moitas! ¡Moitas!

Francisco Vales Villamarín

*Estampas betanceiras:
O Ganachiño*

*Facendo garatuxas, mil acenos,
xurde do fato o inquedo ganachiño
fiel trasunto dun mouro demachiño
que ven tentar a grandes e pequenos*

*Sacode co galleto ou cos cotonos
a quien se lle atravesa no camiño
e arrechégase ás mozas, demansiño,
lembrándolle devasos e rabenos.*

*Asaña ós danzarís e ó da bandeira
coas súas incordiantes pallasadas,
coa sempre bufonesca brincadeira.*

*E estala en estrondosas gargalladas
ó bater cos cornechos na moleira
dalgún dos que contemplan as bailadas.*

Francisco Vales Villamarín.

O 28-I-1959 a "Academia de San Ro-mualdo de Ciencias, Letras y Artes de San Fernando de Cádiz" nomeouno membro correspondente.

O 1-III-1960 recibe o nomeamento de "Honorary Member" de "The International Research Institute" de Tenafly, N.J. (USA).

A Corporación Municipal da Coruña comunicálle o 14 de novembro de 1960 que "La calle de nueva apertura, todavía sin urbanizar, sita en el lugar de Los Castros que desde la de Miramar conduce a una de las vías de acceso al Mirador de los Castros", levaría, a partir desa data, o seu nome. Esta comunicación era consecuencia do acordo tomado por unanimidade no Concello o 15 de xuño de 1959, respondendo á petición da sociedade "Centro Cultural y Deportivo de los Castros", na que suliñaba "una de las calles de nueva apertura en la zona de Los Castros, donde el Sr. Vales Villamarín lleva tantos años desarrollando su labor pe-

dagógica". A case totalidade dos socios e a xunta directiva en pleno foran alumnos do "Maestro Vales Villamarín", denominación oficial que figura na placá colocada na primeira casa da nova rúa. Logo do seu descubrimento, acto ó que asistiu, o seu pudor impidiulle voltar pola "súa" rúa a pesares das moitas invitacións e suxerencias de amigos e familiares. Morrería sen comprobar a pé o seu crecemento.

Son tamén os seus antigos alumnos, representados polo "Centro Cultural y Deportivo de Los Castros", os que solicitan ó "Ministerio de Trabajo" a concesión da "Medalla al Mérito en el Trabajo", séndolle concedida na súa categoría de bronce o 29-IV-1961.

A estas alturas o barrio dos Castros, a pesares de recibir unha forte inmigración, estaba nutrido fundamentalmente por xentes que foran antigos alumnos de Don Francisco e no "Grupo Escolar Teniente Médico Sal Lence" que dirixía, comenzaos os seus estudos a terceira xeneración. O Concello da Coruña en sesión celebrada o 15 de maio de 1961 acordou concederelle a "Medalla de Plata al Mérito Cultural", "para galardonar la labor eficaz y entusiasta por él realizada durante más de cuarenta años, dedicados a la enseñanza, con provechosos frutos docentes a generaciones de alumnos coruñeses que han desfilado por sus aulas y han recibido una formación intelectual que los ha capacitado para la vida".

No 1963 recibiu o nomeamento de Apoderado do "Servicio de Defensa do Patrimonio Artístico Nacional", dependente da "Dirección General de Bellas Artes (e ésta do Ministerio de Educación Nacional). Ó ano seguinte (comunicación do 23-I-1964) é Vocal efectivo da "Comisión Provincial de La Coruña de la Junta Central de Información, Turismo y Educación Popular, con carácter honorífico".

Se ben xa desde 1952 facía as veces de



D. Francisco Vales Villamarín o 10-XII-1969.

Secretario da Real Academia Galega, a designación oficial recibe o 23-I-1964, do "Ministerio de Información y Turismo".

O Alcalde da Coruña, D. Eduardo Sanjurjo de Carricarte, comunícale o 28-VI-1964 que "habida cuenta de los grandes méritos que en Usted concurren, me complazco en nombrarle Miembro de Número del naciente Instituto José Corvide de Estudios Coruñeses".

Nese mesmo ano aparece na *Revista de Guimarães* o seu traballo sobre o achádego dun ídolo fálico en Paderne, cerca de Betanzos ("Um ídolo céltico?"), hoxe no Museo Arqueolóxico e Histórico de San Antón.

Don José María Pemán, como Director da Real Academia Hispano-Americana de Cádiz, asina o 13 de xaneiro de 1965 o nomeamento de "Académico Correspondiente" en favor do mestre.

Siguen saíndo á luz novos traballos

seus no Boletín da Real Academia Galega e tamén, entre outras, na revista de D. Regino Barbeito, *La Coruña, paraíso del turismo*, onde no ano 1963 publica "Simón Bolívar, gallego: la coruñesa mansión solariega de los ascendientes gallegos de Bolívar". que tivo repercusiones nacionais e internacionais. Mesmo a pesares da destrucción desa casa, perto dela, á entrada da Coruña, non hai moito que se colocou un monumento a Bolívar, que ten a súa raíz no traballo de Don Francisco.

O 11-V-1967 o "Centro de Historia del Estado Falcón" de Venezuela, elíxeo "Miembro Correspondiente" (diploma do 15-V-1967).

D. Dalmiro de la Válgora y Díaz-Varela, D. Angel Ferrari y Núñez e D. Francisco Cantera y Burgos, propoñen á "Real Academia de la Historia" nomear a Dón Francisco membro correspondente, acordo que se tomará nese sentido e que será comunicado ó mestre o 6 de decembro de 1968 por medio do Secretario Perpetuo desa institución, Don Julio F. Guillén.

O "Instituto de Estudios del Sur de España" nomeouno, así mesmo, membro de número (nº 139) o 14-X-1969.

Pero as boas novas e mesmo a festa de San Roque escondían momentos de fonda tristura. Porque ese tempo festivo (o 16 de agosto de 1971) coincidiu co enterrro da súa muller Dona Rosa Vía Bonome, quen tanta dedicación lle prestara toda a súa vida.

O 20-I-1977 comunicaselle o acordo da concesión do "Premio Fundación Pedro Barrié de la Maza", consistente nunha beca vitalicia de 250.000 pts. anuais. O escritor lucense, D. Anxel Fole, tamén recibiría este premio na mesma data.



*Estampas betanceiras:
O Globo grande*

*Noite agosteña. O Campo ten a traza
dun verxel de feitizo, lexendario.
Enche o recinto o ledo vicindario,
que mira absorto os fogos de ar e praza.*


*Baixo dos soportás, certa rapaza
fixe dun carreteiro tabernario,
e no balcón do vello campanario
vese como a curuxa anda de caza.*

*Unha bomba oise xa. Pende da torre
o xigante aerostato. A xente corre,
buscando posiciós más ventaxosas.*

*Dá Claudio a apitada derradeira,
e rube ó espazo, ós sons dunha muñeira,
o montgolfier de liñas maxestosas.*

F. Vales Villamarín. 1932.

O Concello nomeouno "Hijo Predilecto de la Ciudad de Betanzos" (en sesión do 25-III-1980), título que lle foi entregado o 31 de outubro de 1980 polo Alcalde Don Vicente de la Fuente García. A mesma Corporación en sesión extraordinaria do 30 de decembro do mesmo ano



adoptou o acordo de dar o nome de "Valles Villamarín" ó Colexio Comarcal Mixto de E. X. B. da cidade. Como consecuencia, o dito Colexio denominarase así por unha Orde do "Ministerio de Educación y Ciencia" do 23 de setembro de 1981, aparecida no B.O.E. do 18-XI dese ano. O 24 de abril de 1982 el mesmo descubriu a placa que daba o seu nome ó Colexio.

O Concello de Betanzos acordou o 2-VI-1981, así mesmo, colocar unha placa no pazo do Conde de Taboada, na Rúa de Roldán, conmemorativa do seu nacemento e dentro dos actos de homenaxe no seu 90 cumpleanos, realizados en xuño de 1981. Neles o propio Don Francisco descubriu a dita placa e ó mesmo tempo abriuse unha mostra, coordinada por quen suscribe, na Sala do Banco de Bilbao como homenaxe a el, onde se recollían numerosas pezas arqueolóxicas e artísticas que el estudiara, así como diversos obxectos e imaxes (fotografías, pinturas, debuxos) que falaban da súa vida, das súas investigacións e do seu Betanzos. Aquello foi un xermolo de museo.

O penúltimo ano da súa vida da á luz arredor de 10 traballos, entre os que se destacan, "El blasón de los Vilousaz", *La*



Aspectos da Mostra realizada en xuño de 1991 con motivo do 90 cumpreanos do mestre.

cofradía gremial de los zapateros, etc. Durante este ano e ata o mes de abril de 1982, ano do seu finamento, parecía como se tivese presa por ultimar traballos que tiña pendentes; ata tal punto que non dedicou demasiada atención á recopilación de tódalas súas obras, cousa que deixou nas mans dos seus fillos, Don Francisco e Don José Domingo, para o que parecía ía ser a súa publicación pola Fundación Barrié.

Francisco Vales Villamarín: Exposición antológica de su vida, su obra y su tiempo

La exposición «Francisco Vales Villamarín», se ha concebido para honrar a este hombre, uno de los intelectuales más grandes del presente gallego, en su 90 cumpleaños y, como es lógico, se ha convertido, a la vez, en una amplia exposición de la cultura de Betanzos y las Mariñas, puesto que don Paco ha centrado aquí la mayor parte de su obra, tanto histórica como literaria. (Dicha exposición ya se clausuró, pero son válidos los juicios acerca de la misma).

Cuatro son los elementos básicos, todos relacionados con la obra de don Paco, de que consta esta exposición: piezas arqueológicas, documentos, obras de arte, y trabajos del autor.

Respecto a las piezas arqueológicas, destacan: una placa del s. XVIII que apareció en una de las entradas de la supuesta mina de mercurio de Betanzos; un vaciado de una lápida árabe, lauda sepulcral del príncipe Yusuf, tío de Boaddil, encontrada en la iglesia de Santa María del Azoque; el Idolo Fálico, probablemente celta, de Paderne; el Ara Romana de Fervenzas que ha sido traída de su lugar de origen y que esperamos pueda, desde ahora, quedar en depósito en el Museo Arqueológico de San Antón; dos hachas de bronce halladas en Ambroa; y un hacha neolítica encontrada en San Martín de Tiobre.

En cuanto a los documentos, sobresalen: un libro de la Condessa de Pardo Bazán, «Por la España Pintoresca», corregido de su mano y con una tarjeta dirigida a don Francisco; diversas revistas y periódicos brigantinos desaparecidos; acta de nacimiento del nacionalista gallego Antolín Faraldo; documento relacionado con la viuda del general Díez Porlier, hecha presa en La Coruña y traída al Colegio de Huérfanos de Betanzos, y un documento de Alfonso X el Sabio, relativo al pleito de la sal entre Betanzos y La Coruña.

Las obras de arte han sido siempre muy utilizadas por don Paco en sus publicaciones con el objeto, no sólo de ilustrar, sino también de hacer más asequibles y agradables estos trabajos al lector. Es una característica constante en su producción y en ello hay que ver una intención claramente didáctica



en este hombre que ha sido tantos años excelente maestro de Primera Enseñanza. De las obras que aquí se exponen, podemos mencionar por ejemplo: «O Vello Rilo», dibujo de José Veiga Roel; dibujos, aguafuertes, de Méndez Pena y Seijo Rubio; un retrato de Fernando VII anterior a 1815, obra de Agustín Esteve de influencias goyescas; el Apóstol Santiago, tabla flamenca del s. XVI, y una talla, también flamenca, del s. XV que perteneció al antiguo retablo de Santa María del Azoque.

Finalmente, nos encontramos con los trabajos del autor. Estos aparecen a lo largo de toda la exposición sobre unas mesas y en relación cronológica con el resto de los elementos. Básicamente se trata de trabajos de investigación histórica, pero tampoco podemos olvidarnos de sus obras de carácter literario, especialmente en lo que se refiere al campo poético, y en este sentido, se han agrupado en lugar preferente las llamadas «Estampas Betanceiras» que centran su atención en toda una amplia gama de manifestaciones populares típicas de Betanzos.

En fin, es una exposición única y difícilmente repetible que además del fin en sí misma, tiene el de servir de estímulo para otras ideas ya en marcha como son: la existencia de un edificio-archivo en condiciones y la creación, de facto, de un museo de carácter etnográfico-histórico.

Al mismo tiempo, en la exposición aparece un índice en el que se tratan de agrupar racionalmente todos los trabajos de don Francisco, hecho bastante

difícil dada su dispersión. Este Índice, confeccionado por el que suscribe, tiene por base un intenso trabajo de recopilación, llevado a cabo por todos los miembros del grupo Untia, y con él se pretendía, además del propio agrupamiento racional, ejercer, de algún modo, una cierta presión sobre aquellas entidades económico-culturales que fuesen capaces, junto con el Ayuntamiento de Betanzos, de patrocinar la publicación de un libro antológico que recogiese toda la obra de don Francisco Vales Villamarín. Esto felizmente ya está conseguido, puesto que el mismo día del homenaje (6 del corriente), don Vicente de la Fuente, alcalde de Betanzos, pudo anunciar públicamente que la Fundación «Pedro Barrié de la Maza» se haría cargo, conjuntamente con el Ayuntamiento, de dicha publicación, lo cual honra la trayectoria de la Fundación y es motivo de alegría para todos los gallegos y especialmente para los brigantinos: los entusiastas y espontáneos aplausos habidos aquél día ante la noticia, ilustran, mejor que ninguna otra cosa, nuestras palabras.

Aún cuando haya finalizado la exposición el domingo día 14 del corriente, no se acabarán por ello las manifestaciones de adhesión a la persona y obra de don Paco, ya que otra manifestación, menos vistosa pero más auténtica, deberá sucederle: la que convierta en realidad, con el esfuerzo de todos, las aspiraciones culturales de Betanzos y su comarca por las que nuestro maestro tanto ha trabajado y trabajará.

Por ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ


Recorte de prensa de "La Voz de Galicia", 17-VI-1981.



Mostra 90 cumpreanos. Machados de bronce, atopados en Ambroa e estudiados por Vales Villamarín. Están depositados no Museo da Real Academia Galega.

Certamente áinda non se publicaron, pero hai que dicir que neste tempo o seu fillo, Don Francisco Vales-Villamarín Vía, levou a cabo unha enorme laboura de organización. Froito dela é un índice bibliográfico completo que veremos nun vindeiro *Anuario Brigantino*.

Toda a súa obra ten que ser reeditada dalgún xeito e ese día chegará. Porque a pesares de que poida parecer dispersa tematicamente, cando se ve no seu conxunto responde a unha estructura encamiñada a comprender a historia total de Betanzos, desde as orixes ata o presente. Nin que dicir ten que ese obxectivo (lembremos a súa proxectada "Enciclopedia Brigantina") era moi ambicioso para unha persoa soa; por iso ten tanta importancia o arquivo que legou á cidade: porque contén moito máis do que Don Francisco pudo facer e, polo tanto, deixa abertos camiños de traballo para os ex-



Mostra 90 cumpreanos. "Ídolo céltico?" atopado na igrexa de S. Xoán de Paderne e hoxe no Museo Arqueolóxico de S. Antón da Coruña ... Abaixo, ara romana de Fervenzas (Museo das Mariñas).



Traballos de FRANCISCO VALES VILLAMARIN

- A confraría da Concepción de Betanzos. A Cruña, 1931.
- Algunas noticias acerca del supuesto yacimiento de mercurio de la ciudad de Betanzos. - La Coruña, 1945.
- Contribución a la historia de Betanzos. La Casa Consistorial. Heráldica brigantina. - Betanzos, 1948.
- El sepulcro de Andrade "o Boo". - Betanzos, 1949 ("El estudio que dedica usted al sepulcro de Andrade, o Boo, me interesa especialmente por tratarse de mi antepasado, el primer señor de los estados de Andrade, gran pensador de beneficios a la ciudad que guarda sus restos y cuyo mausoleo tendrá, en sucesivo, mejor emplaza en el templo franciscano donde se halla. Le felicito por su documentado estudio." — El Duque de Albal).
- Notas históricas. Un significado apostólico gallego. Feliciano Vicente Faraldo (1785-1842). - Buenos Aires, 1950. (2.ª edición. La Guardia, 1977).
- Contribución a la historia de Betanzos. El retablo mayor de Santa María del Azogue. - Betanzos, 1951.
- Bosquejo histórico de Betanzos de los Caballeros. - Vigo, 1953.
- Don Pedro de Agar y Bustillo. (Algunos subsidios para su biografía). - La Coruña, 1956.
- Temas brigantinos. La custodia de la iglesia de Santiago. - La Coruña, 1958.
- Representaciones de gaiteiros en monumentos brigantinos. - La Coruña, 1961.
- La coruñesa mansión solariega de los ascendientes gallegos de Bolívar. - La Coruña, 1963.
- Galicia artística. Ligera nota sobre un nuevo escultor medieval. - Santiago, 1963.
- ¿Un ídolo céltico? - Guimarães, 1964.
- Contribución al estudio de los gremios brigantinos. Las danzas de labradores y mareantes. - Betanzos, 1965 ("Con todo interés he leído este excelente estudio, riquísimo de datos, ordenados con criterio magnífico y completado con melodías e ilustración gráfica abundante. Estimo importantísima la recogida de estos documentos que atestiguan una riqueza de tradiciones que no se pueden dejar perder" — Vicente García de Diego). (2.ª edición. Matosinhos, 1978).
- Documentos brigantinos. (En publicaciones diversas).
- Betanzos. - Madrid, 1965.
- Notas betanceras. La imagen medieval de la Cruz Verde. - Santiago, 1965.
- Dos eidos antillanos ás saudosas veigas mariñas. Perfil sinxelo dun xornalista exemplar. - A Crúa, 1966.
- Temas históricos. Breve noticia sobre el arresto de la viuda del general Díaz Porlier. - La Coruña, 1966.
- Cuarto hachas de la época neolítica halladas en La Coruña. - La Coruña, 1966.
- Heráldica gallega. El verdadero blasón de Alonso Pita da Veiga. - La Coruña, 1967.
- Portugal visto por Faraldo. - Madrid, 1967.
- El santuario de los Remedios de Betanzos. - La Coruña, 1968 ("Ontes, chegando a Trasalba, tiven o gozo de atopar co seu fermoso e moi erudito estudo do seu amado santuario betanceiro, traballo exemplar pola nida e fina crítica histórica, artística e psicolóxica, e a calada emoción e hastra tenrura que aleva baixo o lingoaxe preciso como un latextar de sangue antiga e hamorada. Ten sorte Betanzos co seu cronista como a tivo Segovia con Colmenares, e de certo a cidade é merecemento das ricas oferendas votivas que vostede lle adica. Moitas graciñas polo consuno e con forto da leitura e tamén pola xenerosidade da adictoria. Entre meus queridos libros gallegos terá un posto de honra, como se de en Portugal" — Ramón Otero Pedrayo).
- El blasón de Betanzos de los Caballeros. - Betanzos, 1968.
- Documentos históricos. Partida de bautismo del literato gallego Salvador Golpe Varela ("Pedro de Merille"). - La Coruña, 1969.
- Heráldica gallega. As armas do primeiro conde de Maceda. - Betanzos, 1969.
- Notas arqueológicas. Una nueva ara galaico-latina. - La Coruña, 1970.
- De mis tiempos mozos. Unos estíos en las Torres de Meirás. - La Coruña, 1970.
- Heráldica gallega. Unha interesante pedra de armas da bisbarra betanceira. - Betanzos, 1970. ("Es un estudio serio y completo, como todos los que salen de su privilegiada pluma. Me hizo pasar su lectura un agradable ratito, no ya por lo apasionado que soy de esta clase de temas, genealógicos y heráldicos, sino por lo excepcionalmente trato que está éste en particular" — Carlos Martínez Barbeito).
- Documentos históricos. Partida de defunción del escribano coruñés Marcos Jaspe, cuarto abuelo de Simón Bolívar. - La Coruña, 1970.
- Temas históricos. Un temible enemigo de Betanzos. - La Coruña, 1970.
- Heráldica gallega. Algo sobre el blasón del canónigo compostelano Gonzalo Eans. - Madrid, 1970.
- Notas arqueológicas. Un depósito de hachas de talón en tierras ambrosas. - La Coruña, 1971.
- Los enterramientos de la iglesia de San Francisco de Betanzos. - La Coruña, 1971.
- Heráldica gallega. O brasón de Fernán Pérez de Andrade "o Boo". - A Crúa, 1972.
- Documentos históricos. Relación de los méritos y servicios de D. Joaquín Tenreiro Montenegro, primer conde de Vigo. - Vigo, 1973.
- Un retrato de Fernando VII ejecutado por Agustín Esteve, en la Casa Consistorial de Betanzos. - La Coruña, 1973.
- Prensa betanceira: "A Fuliada". - Vigo, 1974.
- A sepultura de Xoán Nunes Pardo, pai do mariscal Pardo de Cela. - A Crúa, 1974.
- Documentos históricos. Escritura de constitución de foro otorgada por Ares Pardo das Mariñas sobre una finca situada en la feligresía de Santa María de Cortiñán. (Primero tercio del siglo XVI). - Vigo, 1974.
- Notas arqueológicas. Timpanos con el tema de la Adoración de los Reyes en templos de la comarca betanceira. - La Coruña, 1975.
- Las antiguas rutas jacobinas del territorio brigantino (4.º itinerario). La Coruña, 1975.
- Heráldica brigantina. Armas del segundo marqués de Bendaña. - La Guardia, 1976.
- Figuras señeras de Galicia. Baltasar Peón Rodríguez. - Vigo, 1976.
- Documentos históricos. Privilegio de Enrique IV concediendo a Betanzos el título de ciudad y confirmación por el propio monarca de esta importante merced. (Año 1465). - Vigo, 1976.
- Papeletas para una proyectada Encyclopédia Brigantina. - La Coruña, 1976 y 1978.
- Por tierras brigantinas. El "marco" del monte Medela. - La Guardia, 1978.
- Papeletas lingüísticas. O adverbio gallego "sinto". - La Coruña, 1978.
- Estampas betanceiras. "O vello Rilo" ("Me gustó extraordinariamente el soneto O vello Rilo, por el que le felicito. Un buen soneto es una joya y ése no tiene tacha: brilla como un diamante" — Leandro Pita Romero). Otras Estampas: Dia do San Roque, O globo grande, A volta dos Caneiros, ¿Cantámoslle o Maio?, O Turito, A procisión dos Caladiños, Dia de feira, Na Redacción de "El Escobón", Viño abierto, O Gamachíño, etc.

EN PRENSA

Temas brigantinos. La cofradía gremial de los zapateros.

DE PROXIMA PUBLICACION

Vocabulario gallego de las Mariñas betanceras.

Guía turística de Betanzos de los Caballeros.


As cruces antefixas románicas da comarca betanceira.

Las antiguas rutas jacobinas del territorio brigantino


EN PREPARACION

Temas brigantinos. La cofradía gremial de los sastres

Traballos de D. Francisco Vales ata 1981. Véanse referencias ós seguintes no texto.



Mostra 90 cumpreanos. Vaciado da lauda sepulcral do príncipe árabe Yusuf, fio de Boabdil (Museo Arqueolóxico de S. Antón da Coruña). Foi realizado sobre a orixinal, existente no altar maior da igrexa betanceira de Santa María do Azougue e levada dalí no s. XIX. Hoxe atópase no Museo da Alhambra de Granada. D. Francisco Vales estudiou esta peza no "Anuario Brigantino" 1951.



Mostra 90 cumpreanos. Placa de chumbo do s. XVIII, que apareceu nunha das entradas da suposta mina de azougue de Betanzos. Por detrás pon: SIGUIENDO ESTA ENTRADA SOBRE LA DERECHA ESTÁ LA VEXTA ...

ploradores do pasado betanceiro.

"As cruces antefixas románicas e sus-tentáculos da comarca betanceira" (pu-blicadas no Anuario Brigantino de 1982) foi o seu derradeiro traballo, que estaba a facer poucos días antes da súa morte. Mais áinda se publicaron dous máis póstumos no *Anuario Brigantino* 1988: "Xente coñecida: Xaime Pita" e "Papele-tas para una proyectada Enciclopedia Brigantina: Bugueiro de Parga y Figuer-rosa (Marcos Jacinto), Almirante de la Escuadra Gallega ..."

A D. Francisco débese unha loita con-tinua para salvar o patrimonio da súa ci-dade e comarca. Aínda lembro as súas verbas cando me contaba cómo tivo que ir ata Lugo a rescatar o escudo da casa de Cortiñas, hoxe no Museo das Mariñas. Soportou como pudo moita incompren-sión por parte da xente, que só quería le-vantar as súas casas o máis alto posible e

atopaban nel un símbolo a destruir. Máis dunha vez andivo o mestre con medo polas rúas a causa deste tema.

Hai outra cuestión que non pudo es-quencar, cal é a da súa laboura no resca-te de moitos e moi valiosos documentos do Arquivo Municipal de Betanzos, de-positados nos lugares más indignos. Fixo isto, como tantas cousas, sen cobrar nada, sen espacio para traballar e tamén su-frindo más dunha incomprensión, che-gando ata o punto de destruirse a súa la-boura de organización sobre unha parte dos fondos, no momento en que, por obras, o Concello se traslada ó Hospital de San Antonio.

Pero o nome de Don Francisco era moi forte para as concencias dalgúns, e arredor del foi como xurdiu un renace-miento, coincidindo coa chegada da democ-racia. Xentes diversas, grupos, etc. reivindicaron dun xeito ou doutro a figura e a obra de Vales Villamarín e de todo iso resultou unha situación no plano cul-



Neste acto, celebrado na Coruña no Círculo de Artesanos, asistimos a unha homenaxe a Castelao o 24-I-1975. De esquerda a dereita: Dónega, Martínez Risco, Vales, Carballo Calero e Dieste.

tural que, vista desde hoxe, supón case unha revolución histórica para a cidade, por máis que queden asignaturas pendentes.

Na sesión do Pleno do 17-VI-1982 apróbase unha moción do Alcalde, Don Vicente de la Fuente García, relativa a que dentro do Arquivo Municipal unha das súas salas se denomine "Sala Cronista Vales Villamarín, onde se colocará todo aquello que recorde ó mestre.

Precisamente a inauguración dessa Sala é o que motiva a aparición deste libriño. Nela estarán expostas as obras de Don Francisco, diplomas, medallas, cuadros que teñen que ver con el. Dalgún xeito estará o seu espírito presente nas súas cousas. Pero haberá tamén unha biblioteca especializada, integrada pola propia biblioteca do mestre e más polos intercambios que estamos a ter a través do *Anuario Brigantino* e doutras publicacións municipais.

En fin, deberá funcionar, cando haxa os medios imprescindibles, como a sala de consulta do Arquivo de Betanzos (mu-

nicipal e outros), posto que ó lado está o depósito que os contén. Serán os seus usuarios non só os investigadores, senón tamén tódolos cidadáns, en xeral, que necesiten consultar algúns documento polas razóns que sexan.

Cos medios informáticos, propios dos nosos tempos, non se descarta que aquí se poida dar un servicio cultural moi amplio, mediante a realización de bases de datos propias e de conexións con outras existentes no Estado.

Lembro ben como estando na cama, sen forzas ós seus 91 anos, aínda andaban por enriba da mesiña de noite as súas notas. E así o debuxei, nun derradeiro retrato, duro e triste, que gardo con agardimo.

Vivín moi de cerca os últimos anos da súa vida, honrado pola súa amistade e confianza. Él foi quen me publicou o meu primeiro traballo de investigación no *Boletín da Real Academia Galega*. As nosas conversas eran moi abertas, non daba-

*Estampas betanceiras:
Día do San Roque*

*Recende a ermida a fiuncho e a loureiro
e repican os sinos xubilosos;
visten de gala as flores e, gozosos,
os paxaros fan coro cos gaiteiros.*

*Renden síúa homenaxe os fogueteiros
e as danzas, cos bailados donairosos,
e reflexan os ríos, orgullosos,
o pracer da Cibdá dos Cabaleiros.*

*É a festa do Patrón, festa votiva
—promesa feita en días de tristeza,
en época anguriosa e aflitiva—.*

*e únese ó regocixo a Natureza,
dando a todos exemplo de fe viva,
de eterna gratitud e de firmeza.*

Francisco Vales Villamarín. 1934.

mos rodeos. O seu interés polas cousas que lle importaban, Betanzos sobre todo, facíano para min unha persoa moi xove.

Era relixioso, pero non beato, áinda que dese tema pouco falamos, e tiña un pouco de rapaz pícaro (v. os seus poemas), o que o achegaba moito á xente.

Necesitaba á xente e por iso saía da casa sempre que podía, incluso co risco de caer (cousa que lle aconteceu e que o levou ó hospital, para o seu disgusto); era frecuente velo coa súa boina e o seu bastón de camiño para algúns dos céntri-

*Estampas Betanceiras
A volta dos Caneiros*

*Cal gaias e xentís avelañas
tornan as naus, ridoras e briantes,
entre o aroma das brisas marmulantes
e o plácido fulgor das estrelas*

*Frotan no ambiente os cantos das Mariñas
—saudosos alalás, hinos vibrantes—,
e do Mandéu nas augas espallantes
tecen meigo tapiz as serpentiñas*

*Todo animación é; todo algueireo
solenes brindes, odes ampulosas,
égoglas, serenatas, galanteo,*

*loita de luminarias caprichosas...
e os manes de Cupido e de Himeneo
presidindo estas horas deleitosas.*

Francisco Vales Villamarín. 1934.

cos cafés de Betanzos. Alí, nunha mesa, sen estorbarlle nada a xente, escribía, contento entre o bullicio xeral, as súas cousas e sentíase feliz cando alguén o acompañaba e lle demandaba algún dato sobre a historia da súa cidade. Logo, cuando xa era tempo, voltaba para a casa, onde a fiel e sempre agarimosa María o esperaba coa tortilla e o viño de Betanzos na mesa.

Un 24 de agosto de 1982, foise para sempre, coas "naus ridoras e brillantes" dos Caneiros do día seguinte.



